

sarria

Aprobado o Plan Económico Financeiro 2025-2026 proposto polo alcalde. **Páx. 5**

láncara

María Rodríguez Vázquez recibirá o Premio Ramón Piñeiro "Facer País". **Páx. 17**

paradela

Abre o prazo para participar no XXXI Certame Literario Manuel Oreste. **Páx. 18**

o incio

Promoven unha masterclass solidaria de zumba na vila a favor da Plataforma Diversa. **Páx. 19**

samos

Impulsan a primeira edición en galego do Tombo do Mosteiro de Samos. **Páx. 20**

O pacto político xera incertezas en Sarria



A Deputación sobe o seu orzamento

Os Orzamentos medran un 3,57 %, por riba do IPC, máis de 5 millóns respecto ao 2025. **Páx. 13**

Nova dirección á fronte do Camiño Francés

Triacastela entrega a Presidencia da Mancomunidade do Camiño Francés a Arzúa. **Páx. 14**

Carballeira do Páramo Club de Baloncesto


David Santamaría defende que o deporte aporta valor ás familias dos máis pequenos. **Páx. 21**

Asociación Fútbolín Sarria



Jonathan López organiza desde o ano 2015 o Máster Fútbolín Sarria. **Páx. 6**

Club de Lectura consciente



Yésica Ríos promoveu o Club de Lectura consciente Letras Vivas. **Páx. 10**

50 anos do IES Xograr



Manuel Valcarce López, director desde hai 15 anos, pon en valor o centro. **Páx. 12**



INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Sarria organiza un amplo programa polo 25-N



A área de Igualdade do Concello de Sarria pon en marcha unha completa programación con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Baixo o lema “Sementa, florece e plántate contra a violencia de xénero”, o municipio promoverá accións formativas, culturais e de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e ao conxunto da cidadanía, cun calendario que se estenderá entre o 11 e o 26 de novembro. O alumnado de todos os centros educativos do municipio participará en actividades específicas que buscan fomentar valores igualitarios, a prevención da violencia machista e o pensamento crítico. Dentro do programa de conciliación, desenvolveranse dous obradoiros centrados en conceptos de promoción da igualdade e sensibilización social. Un deles, “Cociñando valores de igualdade”, será impartido por Javier Carrión nos colexios La Merced, La Asunción, Frei Luis de Granada, Antonio Fernández López e na escola infantil Xela Arias. Para-

lelamente, estudantes dos institutos Xograr Afonso Gómez e Gregorio Fernández, así como dos centros La Merced e La Asunción, asistirán á representación teatral “Expectativa vs realidade”, unha obra que aborda estereotipos e desigualdades desde unha perspectiva xuvenil. A programación tamén inclúe charlas impartidas por unha especialista en violencia de xénero, dirixidas ao alumnado do Gregorio Fernández, La Merced e La Asunción. No primeiro haberá ademais un encontro-debate baixo o título “Hai saída grazas a ti”, orientado a reforzar o compromiso social na loita contra esta lacra. O acto institucional terá lugar o día 25, cando a concelleira de Igualdade dará lectura a un manifesto fronte á Casa do Concello, acompañado dunha convocatoria aberta á cidadanía. Como peche, o 28 de novembro a biblioteca municipal Camilo Gonsar acollerá un contacontos infantil a cargo de Yolanda Álvarez arredor do libro 'Artur e Clementina'.

Exposicións, teatro, música e cine encherán Sarria en novembro

Sarria acolle unha gran programación cultural para este mes de novembro, que comezou o domingo 2 coa representación de 'Clownoedipus', de Falcatrueiros de Monterroso dentro do Circuito Galego de Teatro Amador impulsado pola FEGATEA. Por outra banda, desde o luns 3 xa se pode visitar a exposición 'Sempre en Galiza: 1944-2024', promovida pola Deputación de Lugo e centrada na obra e legado de Castelao, que permanecerá na Casa da Cultura durante dúas semanas. Pola súa banda, tamén organizan os Mércores de Contos, un espazo dedicado á literatura infantil e ás familias, que se celebraron o 5 e volverán o día 19 de 17:30 a 18:30 horas. A Casa da Cultura tamén acolleu a estrea do documental de Xan Leira 'Sempre en Galicia, voz e pensamento galeguista na emigración' nun acto que contou coa presenza de Yolanda Díaz Gallego. Mentres, o venres 7, a Biblioteca Pública Camilo Gonsar acollerá, ás 19:00, a presentación do novo poemario de Ana Valín, 'En las latitudes de un miedo políglota'. O día 8 será celebrarse o San Martiño Caníbal e ás 20:00 horas Os Quinquillans levarán ao escenario 'Cousas', unha peza vinculada á exposición sobre Castelao. E o domingo 9, ás 20:00 horas, a Casa da Cultura acollerá 'Seca', espectáculo da compañía Teatro do Ar. Por outra banda, desde o luns 10 ata o 10 de decembro, a Oficina Municipal de Turismo exporá 'Aldea', traballo artístico de María Cabot, en horario de mañá de 9:00 a 14:30 horas.



O xoves 13 ofrecerase o segundo pase do documental de Sonia Arias, 'Mudanza', na Casa da Cultura ás 20.00 horas; e o venres 14, preséntase a obra gañadora do XXIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, 'Amor palimpsesta', de Helena Salgueiro, nun acto que contará co editor Miguel Anxo Fernán-Vello, á presidenta da Asociación Cultural Ergueitas, María Casar, a membros do xurado e ao concelleiro de Cultura, César No. O domingo 16, ás 20:00 horas, chegará 'Vermello', de Rebuldeira Teatro tamén incluída no Circuito Galego de Teatro Amador. E o día 18, entre as 19:00 e as 21:00 horas, haberá un obradoiro de escrita creativa. A Biblioteca Pública volverá ser escenario de literatura o venres 21 coa presentación, ás 19:00, do libro Andares, do xornalista Luís Celeiro. Os días 22 e 23 terá lugar a terceira edición de Maxia no Rural, que busca levar o ilusionismo ás parroquias,

desta volta coa participación dos magos Fernando Moreno, o Bruxo Cabacín, o Mago Iago, a Magaldara e Roberto Lolo. O sábado 22 tamén actuará a Banda de Música de Sarria na parroquia de Nosa Señora do Rosario polo día de Santa Cecilia. O domingo 23, ás 20:00 horas, representárase 'En carne viva', proposta de Bengala Teatro. A programación continuará o mércores 26 ás 20:00 horas coa segunda sesión dos Simposios Salvaxes na Biblioteca, desta vez con Rocío Pectatiello, de Rebuldeira Teatro, Belén Fernández, de Meigas e Tragos, e o DJ Chechu Quiñoá. O venres 28, ás 18:00 horas, celebrárase un contacontos infantil a cargo de Yolanda Álvarez, o sábado 29, ás 20:00 horas, o grupo Son de Corda ofrecerá o concerto Na casa delas na Casa da Cultura; e o domingo 30, ás 20:00 horas, a compañía Nova Escena presentará 'Expectativa lonxana'.

Que opinan os sarriaos e as sarriás do pacto entre PP e Camiña?

O Acordo para o Desenvolvemento Estratéxico de Sarria (ADES), asinado entre o PP e Camiña Sarria e vixente ata maio de 2027, contempla unha quincena de actuacións que abarcan desde a mellora do Estadio Municipal da Ribela ou a reforma do CEIP Frei Luis de Granada, ata a urbanización de travesías da estrada LU-546, a humanización da Praza da Vila, o apoio a proxectos de residencias de maiores, a rehabilitación e musealización da Casa do Marqués, investimentos en augas cun novo depósito e captación, a desafectación das vivendas anexas ao CEIP Frei Luis de Granada, e o desenvolvemento de solo industrial na segunda fase do Polígono do Morelle.

Para R.A., veciña de Sarria, o acordo representa principalmente un beneficio práctico para a comunidade: “Creo que me da igual quen propoña, quen faga e quen se xunte se o beneficio é para o pobo de Sarria. Se traen cartos para arranxar as estradas, que tiren as casas dos mestres e fagan un parque cuberto, sería perfecto. Todo o que necesita Sarria, e se o PP está a loitar porque ten a Xunta ao seu favor, entón véxoo ben. Se non queren dar pulo ao BNG e castigar ao PSOE, Carmen faino moi ben e trae cousas para Sarria. A xente non é tonta e véxoo que o propón unha persoa que quere o ben do concello”.

J., outro veciño, comparte unha perspectiva pragmática e centrada nos beneficios: “A min paréceme ben todo o que sexa ben para o pobo e que traian recursos para Sarria. Todo o que mellore, estupendo. Non sei ata que punto ofrece a alcaldía, el retírase porque busca completar proxectos que puxo sobre a mesa. A política en cuestión de 2-3 días cambia moito, falta tempo, pero todo pode pasar”.

M.V., pola súa banda, expresa o desexo de consenso e cohesión social: “O que me gustaría é que houbera consenso e que o pobo tirara cara adiante, porque todos somos veciños, familia ou amigos. É complicado posicionarse por alguén, pero gustaríame que todos se levasen ben. Ao final deberían levarse ben, pero non é posible pola diversidade de opinións políticas. Moita xente quere iso: que se xunten, porque estando así non se pode facer nada se todos están contra todos”.

R.Q. reflexiona sobre a xestión de

“Todo o que sexa bo para o futuro de Sarria, paréceme ben, sexa acordado polos partidos que sexa. Pero chega tarde. Por que non se fixo antes?”

Camiña Sarria e os intereses políticos: “Camiña Sarria tiñano bloqueado por todos lados, pola Deputación e pola Xunta. Non vai por intereses de partido, senón polos cidadáns. Paréceme ben desde o seu punto de vista. Por parte do PP compran un partido para que non se poidan presentar e gañen eles as eleccións... paréceme como comprar unhas eleccións. O PSOE se cambiase de candidato podería sumar votos. O BNG perdeu unha oportunidade histórica de facer cousas moi boas polo pobo, tendo a Deputación, e non fixeron nada. Para Sarria foi moi

malo, e non creo que lles vaia aportar electoralmente votos, pero non entendemos a súa postura”.

M.F., en cambio, mostra certa sorpresa e cautela ante a combinación de partidos: “Claudio é un home interesante que xestionou Sarria gañando as eleccións fronte a partidos grandes como PP, PSOE e BNG. A min o pacto estráñame. Non sei se hai xente próxima ao PP, deberían ser máis próximos ao PSOE. O problema da política son os malos rollos, as escisións. Se o PP cumpre, os acordos deben cumprirse. Son propostas. Se se cumpren, pode gustarme máis ou menos o partido, pero benvidas sexan para Sarria. Como acostuma a pasar, se non se firman, non se cumpren. Se Claudio marcha, a ver quen lle pide explicacións se logo o PP consegue a alcaldía. Parece un bo pacto para o PP, porque fai algo e lles axuda a gañar as eleccións”.

OPINIÓNS MÁIS CRÍTICAS. Outra veciña, N.G., amosa escepticismo ante a magnitude e a prioridade de certos investimentos: “Xenial que os parques sexan inclusivos e cubertos, pero as reformas integrais desconfío cando son de tanto importe e non sei se se farán, como o dos mestres, que igual vai para 15 anos. A Praza da Vila necesitaría unha remodelación completa, pero non é tan prioritaria. O pacto en xeral é un movemento do PP moi bo para conseguir a alcaldía porque o PSOE está en horas baixas, pero non vai conseguir atraer o voto de Camiña Sarria. O BNG tamén debería cambiar de candidato porque o actual é vicepresidente dunha Deputación. É unha trapallada todo, parece un xogo de tronos de medio pelo. Coa Xunta, se podían dar cousas, pero non o fixeron. Carmen fixo unha



oposición forte, pero non conseguí nada ata agora. Os puntos son moi xerais, de moitísimo importe. Ata agora non se podía conseguir unha partida ou subvención por iniciativa propia. Tome e Efrén non estiveron áxiles, e agora pasa o que pasa. É unha xogada mestra do PP, pero non é legal. É sucia. Os recursos da Xunta xestionados polo PP non deixan de ser impostos nosos. O PP non fixo nada por iniciativa propia, igual que o BNG. Mellor un parque cuberto na Praza da Vila e conservar os demais parques. As melloras integrais non son necesarias. Estes acordos son pouco claros, non aportan realmente moito e crean desconfianza”.

L.R. tamén aporta unha visión crítica e reflexiva: “Todo o que sexa bo para o futuro de Sarria, paréceme ben, sexa acordado polos partidos que sexa. Pero chega tarde. Por que non se fixo antes? É unha pataleta de Camiña Sarria? Faino porque con PSOE e BNG hai mal rolo? Se as 15 propostas non se levan a cabo antes do 2027, que partido político as realizará e se ‘colgará’ as medallas? Agardemos que se cumpran. Non entendo que isto chegue de repente, e que Camiña Sarria decida non presentarse en 2027, sendo un partido que fixo moitas cousas por Sarria.

Creo que deberían presentarse con Claudio ou outro membro válido do partido. O PSOE debería cambiar de candidato. O BNG sempre intenta pasar de dous concelleiros, pero non o consegue.. O PP sempre é unha caixa de sorpresas, repetirá Carmen José como cabeza de lista, pero os seguintes deberían cambiarse”.

CONCLUSIÓNS. A diversidade de opinións reflicte a complexidade dunha veciñanza atenta aos intereses do seu concello e consciente das dinámicas políticas locais. Hai entusiasmo polos beneficios que podería traer o pacto, especialmente en proxectos concretos que melloren a vida diaria, pero tamén abundan o escepticismo e a preocupación pola transparencia, a prioridade real das actuacións e as motivacións partidistas.

En conxunto, a conclusión preponderante é que a veciñanza valora positivamente o acordo se e só se se traduce en accións reais, que melloren efectivamente Sarria, aínda que con reservas sobre a forma na que se executará e a posible instrumentalización política detrás do pacto. O consenso entre os veciños parece centrarse na esperanza de resultados tanxibles, máis alá das disputas partidistas.

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580 [cafeteriabarcubano](https://www.facebook.com/cafeteriabarcubano)

Apróbase a ordenanza de mascotas e a moción do PP en favor dos maiores



O pleno ordinario do Concello de Sarria aprobou unha ordenanza municipal para a protección e tenza de animais no municipio, unha normativa que saíu adiante coa abstención dos grupos da oposición.

O texto foi sometido a un período de consulta pública dun mes sen e tras esta aprobación inicial abrírase agora un prazo de exposición pública para que a cidadanía poida presentar alegacións.

Entre as medidas contempladas figuran a obriga de limpar os ouriños dos cans, recoller os excrementos, circular pola vía pública con correa ou a implantación de colonias felinas. A ordenanza tamén establece un réxime sancionador.

O pleno abordou igualmente dúas mocións presentadas polo Partido Popular. A primeira, dirixida a instar ao Concello a elaborar unha Estratexia Municipal Integral de Atención á Soidade non Desexada e Fomento do Envellecemento Activo, foi aprobada a pesar da abs-

tención do resto dos grupos, que lembraron que esta competencia recae na Xunta de Galicia. O Grupo Municipal do Partido Popular destacou que "a iniciativa pretende crear unha estrutura de apoio que chegue a todo o concello, facendo fincapé na necesidade de deseñar respostas específicas tanto para o casco urbano como para o amplo territorio rural sarriao".

Un debate similar xurdiu coa segunda moción do PP, na que se pedía poñer en valor a Ponte da Áspera, onde Turismo da Xunta xa está a executar unha intervención que os nacionalistas consideran "incompleta". Así, o PSOE abstívose mentres que o BNG e Camiña Sarria votaron en contra. A concelleira de Camiña Sarria, Reyes Abella, incidiu en que existía un proxecto estatal valorado en 230.000 euros para unha rehabilitación integral, pero que non se levou a cabo ao quedar deserto o concurso, e reclamou que a Xunta execute esa restauración total.

Rehabilitan o firme da Avda. Becerreá e a rúa Diego Pazos

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas levou a cabo intervencións en estradas autonómicas que atravesan Sarria, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e a fluidez do tráfico. Na Avenida de Becerreá, coincidindo co trazado da LU-635, rehabilitouse o pavimento ao longo de algo máis dun quilómetro cun orzamento de 80.300 euros, financiados con cargo ao contrato de conservación e mantemento das estradas da zona sur da provincia de Lugo. Os traballos incluíron fresado e reposición do firme a carril completo, actuando en toda a lonxitude desta vía que enlaza coa LU-636 en Vilar de Sarria.

Ademais, investíronse 435.300 euros no acondicionamento de 3,5 quilómetros da LU-636, desde o inicio na rúa Diego Pazos ata o polígono do Morelle, onde tamén se repintaron



as marcas viarias. Desde o Concello de Sarria valoraron positivamente a actuación, xa que o concelleiro de Seguridade Cidadá, Félix Seijas, destacou que "o asfaltado entre o cruzamento da Cigüeñeira e a Pontevella vai mellorar notablemente o tránsito diario e o acceso ao centro urbano".

Estas actuacións, financiadas e executadas pola Consellería, supoñen un paso significativo para reforzar a seguridade e a comodidade no tránsito, así como para garantir un firme de calidade nas principais vías que conectan o municipio co resto da provincia.

Foi mellorada a eficiencia enerxética do pavillón de Oural con 60.000 euros

A Xunta de Galicia destinou 60.000 euros á mellora da eficiencia enerxética e do confort do pavillón deportivo de Oural mediante unha achega adicional ao Fondo de Cooperación Local, que xestiona a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Na zona dos vestiarios substituíuse a cuberta de chapa galvanizada sinxela por outra de panel sándwich de 30 mm de espesor. Ademais, realizáronse labores de limpeza, selado e impermeabilización nas carpinterías exteriores do pavillón.



O Concello de Sarria obtivo o importe máximo da axuda para estas obras, que reforzaron o illamento térmico das instala-

cións e contribuíron a reducir o consumo enerxético, as emisións contaminantes e os custos de mantemento.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES

NOPER CAR

Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES

DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS

DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS

DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

Aprobado o Plan Económico Financeiro 2025-2026 de Garrido

O Goberno local de Sarria convocou un pleno extraordinario para someter á consideración do Concello o Plan Económico-Financeiro 2025-2026, que ascende a 1,5 millóns de euros, dos que 697.000 euros serán aforrados neste exercicio e outros 2,8 millóns no seguinte de 2026.

Este xerou un intenso debate no pleno, coa oposición do BNG e do PSOE e as matizacións do PP, que se abstuvo, mentres o alcalde defendeu as medidas propostas. Con todo, tanto o Plan como a suba do IBI urbano e o imposto de vehículos quedaron aprobados cos votos a favor de Camiña e a abstención do PP. Desde a oposición, todos os partidos políticos defenderon que “é nunha situación á que nunca se debeu chegar” e que o plan “é consecuencia da xestión do Goberno local, a pesar de ter a man tendida en todo momento”.

O BNG votou en contra e, o seu portavoz, Efrén Castro, explicou: “Chegamos a esta situación por gobernar sen facer caso ás normas de estabilidade financeira. Os servizos técnicos xa nos informaran de que se estaba a producir este escenario. O plan de axuste é unha consecuencia da forma de gobernar e, en vez de aforrar, aforramos 60.000 euros en festas”. Sobre o matadoiro, sinalou que “propoñen reducir o gasto cambiando a xestión de maneira indirecta, pero para reducir o 100% do gasto sería preciso pechalo, polo menos ata que non o asuma a nova xestión”. Ademais, criticou as propostas de recorte na Policía Local: “Non nos parece razoable baixar o custo nun servizo que garante a seguridade. E despois, nun ano, queren subirlle as taxas aos cidadáns, como a do lixo ou o imposto de circulación. A man tendida tivérona desde que chegamos a este punto. Non se pode cargar enriba

dos cidadáns 1,5 millóns de euros, non é razoable”.

Pola súa banda, o portavoz do PSOE, Benjamín Escontrela, reclamou a dimisión do alcalde, Claudio Garrido, pola “súa nefasta xestión, que propón un atraco a man armada aos veciños de Sarria. Nós votamos non a este plan porque é un abuso. Xa sabiamos que isto ía pasar e a veciñanza está asustada”.

Desde o PP, a súa portavoz, Carmen José López, subliñou que “fomos o único partido que pediu sentarse e

tampouco imos empurrar Sarria ao abismo. Hai un interese superior, que é sacar a Sarria desta situación para que o Concello saia adiante”. En relación co matadoiro e a residencia, indicou que “hai alternativas e esixiremos modificacións ao plan, pero unha intervención do Ministerio suporía unha maior suba de impostos e a supresión de servizos que non son competencia do concello”.

Finalmente, o alcalde Claudio Garrido defendeu o plan económico e comparou a situación con outros

putación ofreceuse desde o primeiro momento con 50.000 euros durante catro anos, e tamén necesitamos a subvención da Xunta”.

Garrido explicou que, aínda que se fala dunha suba de 1,5 millóns de euros, “o cidadán realmente terá que aportar 648.000 euros. Tamén haberá que axustar o IBI, porque os valores catastrais datan de 1986. Quereamos aforrar diñeiro, pero mantendo os servizos. Actualmente temos un servizo de lixo totalmente inadecuado, que non cumpre cos mínimos de calidade dunha poboación rural e urbana, e iso só se soluciona con investimento”. Respecto a erros pasados, lembrou que “en 2017 houbo concelleiros que se opuxeron á licitación do lixo, o que tería paliado o problema, pero tivemos que con-



buscar solucións, porque somos un partido responsable. Non somos o do ‘non’ sistemático; todos sabemos como chegamos ata aquí e hai que procurar solucións. Se este plan non se aproba, a alternativa sería un corralito municipal e a intervención de Facenda do Goberno de España, o que tería consecuencias graves: a constitución dun depósito a cargo dos sarriaos, bloqueos de crédito e parón nos servizos públicos”. Destacou que “non imos votar si, pero

concellos: “O plan recolle subas como se fan noutros concellos, como Lugo, onde se incrementaron 4 millóns de euros os impostos. Temos que facer fronte aos gastos como outros municipios. Nunha xestión municipal hai que controlar o gasto e garantir que os ingresos sexan suficientes para prestar servizos aos cidadáns”. Sobre o matadoiro, aclarou que “non se fala de peche, senón de externalizar o servizo ou de cubrir o seu custo con diñeiro público. A De-

tinuar con contedores rotos. Temos un déficit; de onde recortamos? De cultura, deporte ou festas? É fácil dicir que o Goberno fale con outras institucións, pero non nos fan caso. Outras administracións véxense favorecidas polos seus partidos, pero nós non”. Finalmente, Claudio Garrido recoñeceu e asumiu “fallos na xestión”, pero sobre todo, que “non puideramos ser os mellores xestores para as necesidades que ten Sarria no ano 2025”, concluíu.

A suba da taxa do lixo segue sen convencer en Sarria

A actualización da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, máis coñecida como taxa do lixo, protagoniza o pleno extraordinario do venres 7 de novembro. A proposta, impulsada polo executivo de Camiña Sarria, busca actualizar unhas tarifas que non se revisan desde hai once anos, co obxectivo de mellorar o servizo e proceder á súa licitación.

Porén, a iniciativa non parece contar co apoio da oposición. O BNG, o PSOE e o PP xa expresaron o seu desacordo coa proposta. Desde o PSOE convocouse unha concentración cidadá na Praza da Vila para amosar o rexeitamento ás novas taxas, mentres o BNG organizou unha reunión informativa na que presentou un plan económico alternativo e considerou que as subas son “moi importantes e difíciles de asumir”, poñendo como exemplo o caso das vivendas, que pasarían de pagar 56 a 120 euros anuais, o que supón un incremento do 211 %, mentres que nalgúns negocios de hostalería o aumento podería chegar ao 300 %”.

Pola súa banda, o PP tamén reiterou en diversas ocasións a súa disconformidade coa medida. A voceira popular explicou que son conscientes da obriga establecida pola Lei 7/2022 de residuos e chans contaminados, que impón aos concellos a repercusión íntegra do custo da xestión do lixo: “Non nos opoñemos a garantir a sostibilidade económica do servizo nin ao cumprimento da lei, pero esta proposta non é en absoluto asumible”, sostiveron, engadindo que “a modificación debería aplicarse de forma progresiva”.



EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)

“É un orgullo ver que o pobo responde tan ben a esta iniciativa”

Falamos co presidente da asociación Sarria Fútbolín, Jonathan López, que organiza desde o ano 2015 o Máster Fútbolín Sarria

Jessica Fernández

Como xorde a asociación Fútbolín Sarria?

A asociación nace no ano 2015 cando un compañeiro e eu, que participabamos nun campionato, falamos sobre recuperar o Máster de Sarria, que había dous anos que non se celebraba. Un dos requisitos que nos pedían para facer a asociación para optar a axudas era facelo un pouco máis profesional. Así, celebramos o noso primeiro Máster, que era a sexta edición, tomando como referencia as anteriores. Neste, que foi na sala Litmar, repartimos máis de 4.000 euros en premios e contamos coa participación de 60 parellas na categoría de movemento. Hoxe en día, participan o dobre de parellas, como o ano pasado, que tivemos 122 parellas; e este ano chegaremos a repartir máis de 9.000 euros en premios. Así, fomos ano a ano aumentando tanto a participación das parellas e os premios.

Por que cambiou a data? Comezaron en agosto e agora estano celebrando en novembro.

Ao principio celebrámolo en agosto e decidimos traelo máis cara ao inverno porque coincide máis coa tempada de xogar ao fútbolín. Ademais, falando cos locais de Sarria dicíannos que no verán están cheos polo Camiño de Santiago e agora en novembro caía un pouco a cantidade de xente que viña ao pobo, entón decidimos tamén traelo a estas datas para fomentar a economía local de Sarria. E, tamén, facilitar que a xente, despois do Máster, siga xogando ao fútbolín.

Non adoita participar só xente de Sarria.

Non, tamén vén xente de Galicia, de Asturias, de Cantabria, de Valladolid, de Castellón, e incluso do sur. Vén xente de toda España porque a xente non pode vivir do fútbolín. Algunha xente pode sacar unha ren-

dibilidade ao participar nos campionatos de España, pero non se pode vivir, entón o noso Máster chama a moita xente.

Como aporta esta actividade?

Eu fágoche unha pregunta a ti: Quen non xogou nunca unha partida ao fútbolín? Eu empecei a xogar co meu amigo Manuel no bar Joaquín cando estabamos no IES Gregorio Fernández con 17 anos. Logo, empezamos a competir, e ata agora. E é unha actividade que engancha e, se se che dá ben, mellor.

A organización deste Máster é a vosa contribución ao fútbolín.

Si, a nós encántanos esta actividade e parécenos importante fomentalo e dedicarlle tempo. Ademais, Sarria está moi vinculada ao mundo do fútbolín. Nós no Máster fixemos retransmisións durante todo o día e puxemos unha pista central con gradas para os espectadores.

Que aporta o Máster a Sarria?

É un evento moi especial, son tres días seguidos cun ambiente increíble, onde se crea unha convivencia tanto deportiva como lúdica. A nivel gastronómico tamén é moi atractivo, porque todo forma parte da experiencia. Estás en Sarria todo o día, participas no Máster, e logo vas cear, saes de festa... Intentamos potenciar un pouco máis a economía local. Valoramos moito o apoio ao fútbolín en Sarria, non só nos locais, senón tamén por parte dos institutos, xa que un día antes montamos as máquinas porque queren xogar os pequenos e imos alí a xogar con eles e darlles algún consello de como mellorar. E valoramos moito que o IES Xogar comprara fútbolíns para fomentar



a práctica desta actividade durante os tempos de lecer. É un orgullo ver que o pobo responde tan ben desde todos os ámbitos é moi bonito e gratificante.

Contan con axudas?

Todo isto é posible grazas á colaboración do Concello de Sarria, á Deputación de Lugo e á Xunta de Galicia, e tamén a todos os patrocinadores, negocios de Sarria e da comarca que poñen o seu gran de area para que isto saia adiante e subir os premios ano a ano, por iso estamos moi agradecidos.

En que consiste o evento?

O venres 31 de outubro comezamos cunha categoría local e *amateur*, xa que para nós o importante era pasalo ben. Despois, ás 22.30 horas tivemos unha categoría combinada. Xa o sábado e o domingo foi a queda de movemento e parado. Tamén queremos resaltar a categoría feminina, na que xogan só mulleres, aínda que algunhas tamén compiten en absoluto. Este ano, o Máster foi todo un éxito, participaron reunii a 172 parellas o sábado e 152 o domingo; así como 19 na categoría feminina. Estamos moi contentos, todo transcorreu perfectamente e a xente marchou encantadísima. E temos que resaltar aos campións: Tomás, de Pontevedra, e Alejandro, de Asturias, na categoría de movemento; mentres que Javier, de Santander, e Cristian, de

León, dominaron na modalidade de parado. Na categoría feminina, o triunfo foi para Gema, de Andalucía, e Tati, de Ponferrada. No apartado local, Felipe, do Páramo, xunto con Adriano, de Sarria, impuxéronse aos seus rivais. Finalmente, na categoría combinada, Raúl, do Páramo, e Pablo, da Bañeza, acadaron o primeiro posto.

Cales son os proxectos de futuro?

Estivemos falando cos locais de Sarria para facer unha liga local porque hai moita xente nova xogando nos bares que estou intentando convencer para que vaian ao Máster, pero teñen medo porque nunca competiron, pero hai que poñerse a xogar e por algo se empeza, hai que perder o medo. Tamén nos gustaría contar cun local social para poder xogar alí, pero é complicado porque non queremos que iso afecte á economía local. Pero, o máis importante é que queremos meterlle o gusto á xente porque temos que loitar para que o fútbolín se considere deporte, porque ten unha parte técnica, física e mental, e táctica incluso. Se o ves en directo, dentro dunha partida hai un nivel mental moi importante e un nivel táctico, de concentración e de coordinación co teu compañeiro. Porén, leva tempo e hai moitos intereses económicos detrás porque hai moitas marcas de fútbolín diferente, pero chegará algún día.



maderasgrandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

A CASA
::cenor

¡COMPRAS ANTES DEL BLACK!

El único negro para LG OLED
OLED
TV LED 65" LG OLED65B4SLA
1.049€

¡COMPRAS ANTES DEL BLACK!

SECADORA BALAY 30C379B
7kg
479€
CONDENSACIÓN

¡COMPRAS ANTES DEL BLACK!

ASPIRADOR ESCOBA UFESA INSPIRE US ANIMAL
109€

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: @a_reboleira_restaurante
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron






982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis



RIO LOYO
Restaurante

Mesón Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697






Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: @catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



Educación confirma melloras no CEIP do Frei Luís de Granada



O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, acompañado polo delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o Colexio Frei Luís de Granada para anunciar melloras no centro. En concreto, explicou que está previsto acometer en 2026 o peche perimetral do patio, así como renovar a cubrición da pista deportiva que se atopa neste espazo. O importe estimado da actuación é de 200.000 euros. Tal e como sinalou o conselleiro, este novo investimento enmárcase no Plan de nova arquitectura pedagóxica, ao abeiro do que a Xunta está a renovar as instalacións dos centros educativos de toda Galicia, e súmase ao investimento de máis de 3 millóns de euros realizado en obras nos centros de Sarria nos últimos anos. “Neste mesmo colexio investimos 1,6 millón de euros nunha rehabilitación integral coa que reforzamos a estrutura do centro e, a maiores, melloramos a súa eficiencia enerxética, con actuacións como a aplicación de illa-

mento térmico na fachada ou o cambio de fiestras ou luminarias”, destacou Román Rodríguez. Desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional xa confirmaran a inclusión no seu plan de traballo das actuacións previstas no pavillón do CEIP Frei Luis de Granada e na desafectación das antigas vivendas dos mestres de Sarria, que serán derrubadas para crear un parque ou praza pública aberta á veciñanza. Ambas as dúas actuacións forman parte do Acordo para o Desenvolvemento Estratéxico de Sarria (ADES) firmado entre PP e Camiña Sarria e executaranse nos próximos meses. O equipo técnico da Consellería iniciará os trámites de desafectación das antigas vivendas dos mestres, en coordinación co goberno local. Unha vez completado este proceso, outros departamentos da Xunta asumirán os seguintes pasos para posibilitar a creación do novo espazo público.

A Asociación Meigas e Trasgos celebra o magosto o día 15

A Asociación Meigas e Trasgos de Sarria celebra o sábado 15 de novembro o seu tradicional magosto, unha das festas máis emblemáticas do outono, que terá lugar no lar social da entidade a partir das 19.30 horas. Durante a xornada, os asistentes poderán gozar dunha ampla degustación de castañas, iscos, chourizos, larpeira e distintas bebidas nun ambiente festivo e familiar. A celebración incluírá tamén música en directo e moito baile, para que veciños e visitantes compartan unha noite de convivencia e tradición. A organización destaca que a actividade será totalmente de balde e anima a toda a veciñanza de Sarria a participar nesta cita que combina sabor, cultura e diversión.



NOVO GRUPO DE PANDEIRETEIRAS. Meigas e Trasgos conta por primeira vez cun grupo propio de pandereteiras. As clases deste instrumento, que comezaron no ano 2024, experimentaron un notable incremento de par-

ticipación neste novo curso. A profesora, Silvia Gómez, será a encargada de impartir as sesións a arredor de 40 persoas, aínda que o número segue medrando; e súmase aos de música e danza.

A Unión presenta o seu programa de actividades para este novo curso

A sociedade cultural A Unión de Sarria deu a coñecer o seu programa de actividades semanais para o curso comprendido entre setembro de 2025 e xuño de 2026. As sesións desenvolveranse de luns a venres nas instalacións da entidade e estarán abertas a todas as idades, cunha cota mensual de 15 euros para socios e a posibilidade de participar gratuitamente nas propostas para quen xa forme parte da asociación. O luns ás 19:00 horas será a quenda dos cantareir@s, dirixidos por Ascen, mentres que o martes se impartirá kárate ás



19:00 horas con Suso e baile de salón ás 20:15 horas con Carlos. O mércores será a quenda do pilates, ás 19:15 horas, a cargo de Lucía, e o xoves ofreceranse sesións de ximnasia ás 18:00 horas

con Ana e de ioga ás 19:15 horas con Marián. A semana pecharase o venres con zumba ás 16:30 horas e sevillanas ás 18:00 horas, tamén con Ana e Antía como monitoras.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

ARTAI
HORMIGONES

Móvil: 692 946 694
629 817 933
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A Trienal Sarria Triennial conta con participación cidadá

A Trienal Sarria Triennial, proxecto de Arte Contemporánea que se desenvolve entre os anos 2024 e 2026, impulsada pola Asociación Artístico-Cultural Huhú, lanza unha convocatoria aberta a todas as persoas da comarca de Sarria que crean arte, mesmo a aquelas que non se consideran artistas, co obxectivo de construír un retrato colectivo da creatividade local.

A exposición central do terceiro bloque expositivo da Trienal, baixo o título bis/barra, pretende converterse nun collage plural e ecléctico que reflicta as diversas manifestacións artísticas e culturais da comarca.

As persoas interesadas en participar deben contactar a través do correo electrónico info@trienalsarria.com e explicar en que consiste a súa obra e as propostas poderán presentarse ata o 10 de novembro.



A recollida das pezas realizarase en A SEDE os sábados 25 de outubro e 8 de novembro, de 12:00 a 14:00 horas, aínda que poderán establecerse condicións especiais previa comunicación no mesmo enderezo electrónico.

A exposición central deste tercei-

ro bloque abrirá as súas portas ao público en A SEDE SARRIA - Núcleo Difusor de Arte Contemporánea do 22 de novembro de 2025 ao 14 de febreiro de 2026, en horarios que se anunciarán nas redes sociais da Trienal Sarria Triennial e da Asociación Cultural Huhú.

Violeta Bernardo está presente no Pazo de Tor



O Museo Pazo de Tor incorporou unha nova creación da artista sarriá Violeta Bernardo dentro do proxecto *Soterradas*. A escultura, titulada *Perdida en un laberinto mental*, foi presentada nun acto no que participaron o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, a xerente da Rede Museística Provincial, Encarna Lago, e a propia autora. A peza representa unha muller maior perdida nun labirinto físico como metáfora dun labirinto mental, e busca poñer o foco nas conexións entre a memoria, a saúde mental e a identidade feminina. Con esta incorporación, o proxecto *Soterradas* amplía o seu relato e engade unha nova lectura ao discurso museográfico do Pazo de Tor. Trátase, ademais, da terceira obra de Violeta Bernardo que pasa a formar parte dos fondos da Rede Museística Provincial.

Durante o acto tamén se presentaron as actividades do programa *Coidarte. Museoloxía Social e Saúde*, entre elas o obradoiro teatral *Un fío para saír do labirinto*, impartido este mesmo día no museo polas actrices Adriana Ozores e Laura Duhalde, da compañía Aescenatumejortú. O taller toma como punto de partida o mito de Ariadna e Teseo, empregando a metáfora do labirinto para acompañar ás persoas participantes na reflexión sobre os seus propios desafíos vitais. A actividade usa a arte escénica como ferramenta de benestar emocional, resiliencia e crecemento persoal. Esta iniciativa inscríbese dentro dos obxectivos do programa *Coidarte. Museoloxía Social e Saúde*, que procura consolidar os museos como espazos de coidado, expresión e encontro, e que tamén inclúe outras propostas como loga nos museos.

Goián celebra o seu magosto con xantar popular e torneo de tute

A Asociación de Veciños de Goián (Ajuilouca) organiza o domingo 9 de novembro o tradicional magosto, que se celebrará nas instalacións da escola da localidade cun programa que combina gastronomía, música e xogos populares.

A xornada comezará ás 13.30 horas cunha sesión vermú, á que seguirá o xantar ás 14.00 horas, servido pola pulpería Susana e Javier. O menú incluírá empanada, lacón cocido, churrasco, tarta da avoa e castañas asadas. O prezo será de 30 euros por persoa, mentres que os nenos e nenas de ata 12 anos



pagarán 15 euros.

Xa pola tarde, celebrarase un torneo de tute aberto a todas as

persoas que desexen participar. Haberá premio para a parella gañadora.

¡ESTAMOS DE ANIVERSARIO!

¡HACE UN AÑO ABRIMOS NUESTRAS PUERTAS Y QUEREMOS CELEBRARLO CONTIGO!

¡NO TE LO PIERDAS!

PIDE CITA PARA TU PRIMERA VISITA SIN COMPROMISO

C-27-001438

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

“De toda literatura pódese sacar unha ensinanza”

Yésica Ríos é a promotora dunha nova iniciativa cultural en Sarria, o Club de Lectura Letras Vivas, que pon o foco en "ser conscientes"

Jessica Fernández

Como xorde o club de lectura?

Primeiro, para min mesma, quería compartir os libros que lía, aqueles que tiñan unha ensinanza detrás, e preguntarlle a alguén que que lle parecía. Era moi difícil atopar persoas que lesen o mesmo ca min e, ademais, que tivesen ganas de analízalos. Por iso decidín crear o meu propio club de lectura hai un ano. A verdade é que houbo poucos participantes, pero a xente que chegou foi a que tiña que vir. Gustárame que fose máis numeroso, pero creo que ás persoas que participaron lles gustou, porque hai unha literatura que non é só de autoaxuda, non é só iso; calquera libro pode ter unha ensinanza. No pasado lemos obras moi diversas, desde Os catro acordos, que é un clásico deste estilo, ata Frankenstein ou Sen Noticias de Gurb. O importante é fomentar a lectura e, despois, facer unha análise persoal do que podemos aprender e levar para a nosa propia vida.

A que se refire con consciente?

Cando falo dun club de lectura consciente refírome a que non só leemos por entretemento, senón para tomar consciencia do que os libros espertan en nos. Cada historia é unha oportunidade para observar as nosas emocións, crenzas ou formas de ver a vida. En Letras Vivas non buscamos analizar a obra dende o técnico, senón dende o humano: que nos remove, que nos inspira o que nos invita a cambiar. Es una lectura que nos axuda a coñecernos mellor e vivir con máis presenza. Porque mesmo nos libros máis teóricos, como

por exemplo Os catro acordos, que ofrecen catro consellos, xorde a pregunta: e agora, que fago con esta información? Entón, cando ves o que opina outra persoa, cando dis “eu faría isto”, esa combinación de puntos de vista axúdache a comprender mellor e a saber por onde saír e como levalo á práctica. Tamén fomentamos o aprendizaxe, porque podemos sacar ensinanzas para a vida diaria. Tratamos esa parte en terceira persoa, porque na vida persoal eu xa non me meto; falamos todo o tempo de libros, mais cada quen leva moita aprendizaxe persoal. Frankenstein, por exemplo, que che ensinou? Pois que non todas as aparencias son o que parecen, algo tan básico e, ao mesmo tempo, tan profundo. Sen Noticias de Gurb, que é unha comedia, tamén che permite traballar esas aparencias, o humor, e sacar aprendizaxes como a responsabilidade, cando ás veces nos responsabilizamos máis do que deberíamos. Houbo moitos consellos que a xente sacou dos libros, cousas nas que nin eu mesma chegara a pensar, pero é bonito falar dun libro e aprender con outras persoas, porque cada quen ve as cousas dunha maneira diferente.

Cantas veces se reúnen?

Reunímonos unha vez ao mes, os venres ás 19.30 horas no Ecoespazo Vitriol de Sarria, onde nos deixan un espazo para poder comentar os libros durante hora e media, máis ou menos. A xente que veu o ano pasado marchaba con outra cara despois da conversa, porque aprendemos que tamén é importante expresar as

emocións. Quizais sentiches odio cara a unha personaxe, e é normal. Traballamos moito as emocións, as habilidades brandas. E, sobre todo, saímos cunha ensinanza.

Cal é a liña a seguir para elixir os libros?

A liña para elixir os libros en Letras Vivas parte de algo moi sinxelo: que as historias nos toquen por dentro. Busco libros que nos inviten a conectar coas nosas emocións, a recoñecer o que sentimos e a poñerlle palabras a iso que a veces costa expresar. Tamén me interesa que as lecturas nos axuden a reflexionar sobre os nosos valores ou necesidades emocionais, porque o final iso é o que guía moitas das nosas decisións

“Letras Vivas aporta a Sarria un espazo diferente, onde no só se vén ler, tamén a sentir, reflexionar e compartir cos demais participantes dende a consciencia”

no día a día, tanto persoais como profesionalmente. Entre Os catro acordos, Os sete hábitos da xente altamente eficiente, ou Walden, todo tiña sentido na miña cabeza, e quen os leu entendeu por que fun elixindo eses libros, todos na mesma liña, non faltou algo dramático como Stoner ou unha comedia. Quería reflexionar sobre o que nos fai sentir e o que podemos sacar de nós mesmos. Foi moi interesante, e esta nova etapa vai ir un pouco por esa mesma dirección. Este ano a idea é seguir



afondando nesas emocións que moitas veces nin recoñecemos. Non se trata de empezar a falar aquí das emocións propias, senón de observalas a través dun libro. Ler unha historia e dicir: “isto fíxome sentir contenta” ou “isto fíxome sentir triste”. É ese tipo de análise, pero a través dun terceiro, por dicilo así. Tamén queremos poñer en valor as chamadas habilidades brandas: a empatía, o traballo en equipo, a autodisciplina... esas cousas que sempre están aí e que van xurdindo ao longo das lecturas.

Cales son as seguintes lecturas programadas?

Temos programadas unha lectura por mes, de outubro a xuño do ano pasado. No mes de setembro comezamos por Me comparo contigo de Carmen Malvi, que ademais nos acompañoun e foi unha experiencia increíble. Logo, en novembro o libro será No me puedes lastimar de David Goggins; en decembro, El caballero de la armadura oxidada de Robert Fisher; en xaneiro de 2026, Martes con mi viejo profesor de Mitch Albom; en febreiro, La elegancia del erizo de Muriel Barbery; en marzo, El hombre en busca de sentido de Viktor Frankl; en abril, Siddhartha de Hermann Hesse; en maio, La ridícula idea de no volver a verte de Rosa Montero; e en xuño, El alquimista de Paulo Coelho.

Que aporta este club de lectura a Sarria?

Letras Vivas aporta a Sarria un espazo diferente, onde no só se vén ler, tamén a sentir, reflexionar e compartir dende a consciencia. Aquí as historias conéctanse coas emocións e a vida cotidián. Non buscamos só entender os libros, senón entendernos a través deles. É un punto de encontro para as persoas que queren parar, conversar y reconectar consigo mesmas Calquera club de lectura é interesante. A diferencia entre o noso e o Club de Lectura da escritora Yolanda, que se celebra na Casa da Cultura, é que nese fálase máis da literatura, gramática, análises das personaxes... todo iso está súper ben. Nós non analizamos a retórica, analizamos o que un libro nos produce a nós, entón pódese participar nos dous, incluso, son complementarios.

Cal é o obxectivo do club de lectura Letras vivas?

Por agora estou moi contenta, o que quero é que sexa máis coñecido, que veña máis xente, aínda que só sexa un día para coñecernos e que saiban de que falamos. Quizais ao dicir que é “consciente”, a xente pensa que é pechado, pero non. Nós vimos aquí, tomamos algo durante hora e media e falamos do libro. Non facemos grandes experimentos psicolóxicos, falamos das personaxes e do que nos fan sentir, e cada un ábrese o que queira. Tamén me gustaría poder traer máis autores para poder falar con eles e elas das súas obras. Estamos abertas, ademais, a que calquera poida expresar a súa creatividade con nós. Con respecto ás participantes, quero fomentar tamén que cada unha delas se sinta impulsada tamén a escribir. Eu doullas cunha libreta ao principio do ano para que escriban nela todo o que senten lendo o libro e incluso que a usen como diario.

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabelimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS EXIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SUICIDAPAD

489€

¡DESCUEN EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL!

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33. Sarria.
Telf. 982 532 202

O San Martiño Caníbal regresa a Sarria o vindeiro 8 de novembro

O San Martiño Caníbal volverá este outono ao Campo da Festa de Louseiro, en Sarria, o sábado 8 de novembro, nunha cita que promete combinar tradición, humor e música para todas as idades. A asociación Os Gorriós de Sarria é a encargada de organizar esta festa xa consolidada no calendario local, que cada ano reúne veciños e visitantes arredor das castañas, a gastronomía e a boa compañía.

A xornada comezará ás 13.00 horas coa sesión vermú amenizada pola Fanfarria Taquikardia, mentres que os máis pequenos poderán desfrutar ás 18.00 horas da actuación infantil de Peter Punk. A partir da noite, a verbena tomará o protagonismo coas actuacións de Feral



Booty, Kaleikia, Acid Blizzard, Baleas e Fran Zelop, nunha programación musical completamente gratuíta.

Ademais, os asistentes poderán participar no tradicional xantar anticipado, cun prezo de 35 euros para

adultos e 20 para nenos menores de dez anos.

O evento conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, o Concello de Sarria e a Sala Buriel.

A XIII Ruta 4x4 da Comarca de Sarria celebrárase do 21 ao 23

A comarca de Sarria converterase un ano máis no epicentro do motor coa celebración da XIII Ruta 4x4, que terá lugar os días 21, 22 e 23 de novembro. A cita está organizada polo Concello de Sarria e o colectivo Os Carro x Catro.

O programa comezará o venres 21 cunha benvinda na terraza O Meigallo ás 21:00 horas, seguida dunha saída nocturna polos arredores da vila de Sarria.

O sábado 22, a partir das 08:00 horas, farase a entrega de documentación e o almorzo no mesmo lugar. Ás 08:30 horas iniciárase a ruta, cun xantar no pavillón de O Incio ás 14:00 horas, e cea no pavillón dos institutos de Sarria ás 22:00 horas.



O domingo 23, a actividade trasladarase ao polígono do Morelle, onde haberá almorzo ás 09:00 horas, probas de habilidade ás 09:30, xantar ás 15:00 e entre-

ga de trofeos ás 16:30 horas. As inscricións realizaranse a través de CCNorte antes do 18 de novembro e poderán participar todoterreos, *buggies*, *quads* e motos.

A Aula de Estudo da Casa da Cultura amplía o seu horario



O Concello de Sarria ampliará o horario da Aula de Estudo da Casa da Cultura e habilita un novo acceso, unha medida que reforza o compromiso municipal coa educación, a formación e o acceso igualitario aos servizos públicos.

Así, a Aula de Estudo permanecerá aberta de forma ininterrompida de luns a domingo, de 08:00 a 00:00 horas, ofrecendo un servizo adaptado ás necesidades das persoas que precisan un lugar tranquilo, seguro e accesible para estudar.

Situada na planta baixa da Casa da Cultura, a aula contará cunha entra-

da independente situada no lateral do edificio, xunto á porta principal da EEI Xela Arias. Este novo acceso permitirá a entrada directa ás instalacións sen interferir no funcionamento doutros servizos municipais. Para facer uso do espazo é necesario solicitar unha tarxeta de acceso individual, que poderá tramitarse de forma presencial na propia Casa da Cultura.

Con esta iniciativa, o Concello de Sarria aposta por un servizo público moderno, flexible e pensado para as necesidades reais da veciñanza.

A Biblioteca Camilo Gonsar lanza o seu "Reto Lector"

A Biblioteca Pública Municipal Camilo Gonsar de Sarria pon en marcha unha nova actividade de fomento da lectura: o "Reto Lector". A iniciativa, aberta a todas as persoas con carné da Rede de Bibliotecas de Galicia, propón dez lecturas, desde outubro de 2025 ata xullo de 2026.

Cada mes terá unha temática diferente, como "un libro escrito por unha muller" (outubro), "un libro que fale do pasado" (novembro) ou

"un libro en galego ou de autoría galega" (maio).

As persoas participantes poderán recoller na biblioteca a súa credencial para obter selos, segundo vaian lendo e valorando as súas lecturas no "termómetro de lecturas".

A biblioteca compartirá ademais cada mes a lectura favorita das persoas participantes. Quen complete o desafío con todos os selos recibirá un pequeno agasallo final.



INSTALACIONES ELECTRICAS, FOTOVOLTAICAS Y CARGADORES VEHICULOS ELECTRICOS

CARGADORES ELÉCTRICOS INSTALADOS POR PROFESIONALES

CONECTA CON EL FUTURO EN TU HOGAR O NEGOCIO

¿Sabes que podemos instalar tu cargador eléctrico con hasta un 80% de subvención? Nosotros realizamos los trámites. Asesórate sin compromiso




V2C

Pol. Ind. San Julián de la Vega, Nave 4, 27614, Sarria

621 263 958 982 167 196

administracion@electrosarria.es



“Aos xograres defínenos a amabilidade e a boa convivencia”

Os institutos Xograr Afonso Gómez e Gregorio Fernández de Sarria conmemoran este ano 2025 o seu 50 aniversario de compromiso coa formación na comarca

Jessica Fernández

O IES Xograr, que conta hoxe con 380 alumnos e 46 profesores, leva desde o ano 2011 baixo a dirección de José Manuel Valcarce López, quen foi alumno, profesor e, desde hai 15 anos, director do centro. O primeiro día de clase no instituto, o 7 de novembro de 1975, el non estaba aí, “xa que tiña dous anos”, detalla, pero sabe que aquel edificio se adaptou para poder poñer en marcha as ensinanzas. Agora, co paso dos anos, “temos unhas instalacións marabillosas e que teñen absolutamente de todo”. Así, comenta Valcarce que este “foi un dos primeiros centros da provincia que contou con aulas dixitalizadas e, hoxe en día, seguen renovándose continuamente”.

Con esa filosofía de traballo comezou a súa andaina como director no ano 2011, sendo o seu obxectivo “potenciar unha convivencia máis positiva e que fora un centro agradable e amable para quen vén. E iso conseguímolos dotando ao centro de comodidades que ao mellor noutros centros non son habituais de ver. Temos sofás nas entradas, espazos de lecer para o alumnado, elementos para que poidan diversificar as actividades nos patios, como futbolíns, unhas mesas de ping pong, un campo de volei praia, ou distintos xogos gramados no chan; tamén contamos cun ximnasio increíble que serve para actividades doutras asociacións da vila, un pavillón compartido co IES Gregorio Fernández, unha biblioteca recén renovada e

así vémonos todos e saudámonos. É o que nos define: a amabilidade e a boa convivencia”.

Esa convivencia vese tanto no profesorado como no alumnado: “O claustro muda ano a ano e a xente pode pensar que iso é algo negativo para seguir impulsando os proxectos que temos en marcha, pero non é así, porque hai unha cultura de pertenza ao centro, unha forma de facer e unha ilusión que se transmite de uns a outros, e todo iso une, por iso á xente apetécelle participar dos proxectos, tanto ao profesorado como ao alumnado. E iso é a clave do éxito do centro”, pon en valor.

E, despois, subliñan outros moitos pequenos proxectos propios do centro, como o programa ‘En bici ao xograr’, que recibiu moitos premios e que “manifesta dúas liñas de traballo referentes do centro, que son a saúde e a sostibilidade”, destaca. Por outro lado, pon en valor o ciclo de formación profesional de atención a persoas en situación de dependencia, xa que “fomenta a inclusión e a convivencia entre o alumnado do centro”. A aprendizaxe é moi potente para o alumnado, e os pequenos disfrutaban un montón. Polo que ter idades tan diversas non é un problema, é unha vantaxe”, senten.



OS PROXECTOS. O centro participa en moitos proxectos posibilitados pola Consellería de Educación e outros, como o de Centros Referentes e INNOVALAB. “É un dos que máis orgulloso me sinto”, di José Manuel, xa que nos permite desenvolver co alumnado moitas actividades para potenciar a inclusión, a convivencia, a sostibilidade, a competencia matemática, etc. Tamén participan nun programa, desde hai 7 anos, que se chama ‘Educación Responsable’ da Consellería de Educación en colaboración coa Fundación Botín, e que busca un crecemento dos nenos non só no sentido académico, senón en todos os ámbitos da vida, potenciando a educación emocional, o talento e a creatividade. Ademais, “tamén estamos metidos nos proxectos europeos. O ano pasado obtivemos o primeiro proxecto europeo de Erasmus+ e este ano vimos de acadar outro de formación profesional, e queremos ter unha acreditación permanente Erasmus +”.

A DIVERSIDADE. Con respecto ao alumnado, o director do IES Xograr destaca que “hai unha evolución moi grande na cantidade e na tipoloxía de alumnado desde a súa fundación ata o día de hoxe. “Cando eu comecei neste instituto como alumno, no ano 86, todos eramos nados en Sarria e na contorna. No 2001, xa como profesor, tamén había moitísimo alumnado do rural, xa que dos colexios de Samos, O Incio ou de Triacastela viñan facer aquí a ESO e Bacharelato entre 35-40 alumnos cada curso; mentres que hoxe veñen 5 ou 6 alumnos entre os tres concellos. E isto pasa polo despoboamento que hai no rural. Porén esa falta de alumnado hoxe está compensada pola inmigración. Houbo algunhas vagas importantes e nas dúas primeiras décadas deste século, pero penso que agora estamos nun período de crecemento exponencial”. Así, explica que todas as semanas hai novos alumnos para a escolarización, procedentes sobre todo de Latinoamérica, pero tamén de

Marrocos e doutros países. “Neste momento, está chegando moitísima xente de Cuba. Entre o curso pasado e este incorporáronse arredor de catorce alumnos cubanos. Isto implica, dalgunha maneira, un enriquecemento cultural moi potente, pero tamén unha gran necesidade de traballo e esforzo na integración. A integración sempre xera dificultades, sobre todo cando o alumnado non coñece ningunha das nosas linguas oficiais. No caso do alumnado de Marrocos, na maioría dos casos non é só que non coñezan o galego, senón que tampouco falan castelán. Por iso, temos que establecer períodos de adaptación e realizar un esforzo moi importante por parte do profesorado, habilitando horas extra para ofrecerlles o máximo tempo posible na aprendizaxe das linguas, porque se non hai lingua, non hai integración”, aclara. Ademais, tamén apunta á necesidade de atención ás necesidades especiais de cada persoa. “Cada estudante precisa unha atención indi-

importante é ter ilusión e centrarse en todo o bo que podemos facer. O ano pasado pensei que quizais o centro necesitaría un cambio, pero o claustro empurroume a seguir e me apoia no meu traballo, así

“Queremos seguir mellorando como centro e avanzar nos proxectos que brindan grandes oportunidades aos nosos rapaces para que recollan eses réditos e beneficios”

como nas iniciativas que propoño. Hai que seguir cambiando, evolucionando e poñendo cousas en marcha”.

Con respecto ás necesidades de cara ao futuro, o director sostén que “necesidades temos moitas, pero estamos ben dotados de instalacións e de profesorado. Aproveitamos ao máximo os recursos que temos. Organizamos o centro sempre tratando de atender a todos. Sen dúbida, temos proxectos para seguir mellorando aspectos, pero son cousas que non son urxentes. Contamos cunhas instalacións magníficas e, en canto ao profesorado, estamos cubertos. Non nos sobra nada, pero tampouco nos falta nada”.

Por iso, a visión de futuro é que “o centro continúe nesta fase de ascenso progresiva, ano a ano, paso a paso, e que se mantenga así, ou polo menos que non diminúa. Para min, iso xa sería un éxito importante, porque creo que é un centro que acadou un éxito notable”, pon en valor José Manuel Valcarce, quen lembra que o ano pasado estiveron no Congreso de Inclusión e Benestar para expoñer boas prácticas do centro. “Recoñécennos en moitos ámbitos. Como director, persoalmente, formo parte da Xunta autonómica de directores, que representa aos directores de toda Galicia, e convidanme a charlas e formacións para directores desde hai sete anos. Hai moito traballo detrás, penso que ben feito, e mantelo, creo que é moi importante. De todos modos, sempre hai que mirar cara a arriba, porque se non, é cando empezamos a baixar. Queremos seguir mellorando como centro, avanzar sobre todo nos proxectos europeos que brindan grandes oportunidades aos nosos rapaces, e aproveitar calquera oportunidade para seguir implementando outros proxectos e que o noso alumnado recolla finalmente eses réditos e beneficios. E non só dentro do noso centro, senón tamén que sirva como referencia para outros”, conclúe.

“Hai unha cultura de pertenza ao centro, unha forma de facer e unha ilusión que se transmite de uns a outros, e todo iso une. É a clave do éxito do centro”

ampliada que chama a atención, e decoracións a base de murais en distintos espazos do centro que ademais de decorar promoven valores positivos... E todo iso para poñerlle unha boa cara ao centro porque vai ligado ao noso carácter. Nesa liña, sempre temos as portas abertas e todo acristalado,

DEPUTACIÓN

A Deputación sobe o seu orzamento ata os 135 millóns de euros, un 3,5 % máis

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos provinciais para o 2026, que crecerán ata os 135 millóns de euros. Uns presupostos “que protexen, que avanza e que serven á xente da nosa provincia” e que tal e como explicou o mandatario provincial, virán consolidar unha acción de Goberno que leva anos centrada na mobilidade, as políticas sociais, a cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos.

“Para o 2026 presentamos uns Orzamentos expansivos, que medran un 3,57%, por riba do IPC, máis de 5 millóns respecto ao 2025”, detallou Tomé Roca. Informou que a Deputación, como sempre desde que el é Presidente, está ultimando os presupostos “coa previsión de levalos ao Pleno para a súa aprobación en novembro e que, desta forma, poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro”.

Enmarcou a súa comparecencia no Parlamento galego “en tempo e forma” co compromiso real que ten o seu Goberno coa cidadanía, “porque así entendemos a responsabilidade pública”. E destacou que a utilidade



das contas mídese no seu grao de execución, valorando que “aí nós falamos con feitos: nos últimos anos a Deputación está a executar máis do 90% do seu orzamento, situándose entre as administracións máis eficaces do Estado. Aquí o que se aproba, cúmprese”. Nese sentido, apuntou que os Orzamentos 2026 seguen un rumbo “claro e planificado, asentado nos catro grandes piares da nosa acción de Goberno: a mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos e as políticas sociais”.

Respecto da mobilidade, que cualificou como “o primeiro factor de

igualdade territorial” porque “se os núcleos non están conectados, non hai poboación que resista”, asegurou que a Deputación continuará co “mellor plan de estradas da historia da Deputación”, actuando sobre a rede provincial máis extensa de España: 4.217 quilómetros.

Nese sentido, avanzou que a institución vai consolidar e incrementar o investimento do pasado ano, que acadou os 27 millóns de euros para a mellora e conservación de estradas. Destacou que este ano a Deputación mobilizou o arranxo de máis de 100 quilómetros de estradas provinciais ao seu paso por 30 concellos. “Sen

distincións por cores políticas. Nós planificamos, actuamos e conservamos seguindo criterios técnicos” e nese sentido destacou que o 60% dos arranxos foron en concellos cun alcalde ou alcaldesa do PP.

E comprometeuse a seguir traballando para conseguir que unha parte dos fondos da Unión Europea se destinen á mellora da mobilidade por estrada. No que ten que ver coas políticas sociais, o Presidente asegurou que a Deputación manterá un terzo dos orzamentos a esta partida que conta cunha das redes de protección máis ampla e eficaz de todas as deputacións de España. Destacou nese sentido iniciativas como a teleasistencia, o servizo de axuda no fogar ou a rede de centros de atención a maiores.

Fixo fincapé en que a institución provincial ten en funcionamento 9 residencias cun modelo “público, de calidade, con emprego local e con arraigo social” e anunciou que “polo menos 2 dos 4 novos centros que estamos construíndo estarán en funcionamento entre finais de 2026 e comezos do 2027, ampliando a nosa rede e reforzando o rural”. E aproveitou o Presidente para lembrar que o modelo da Deputación é referencia a

nivel europeo.

Anunciou que o Plan Deputación de cooperación cos concellos estará dotado con 22,2 millóns de euros, subindo con respecto ao ano pasado. No que ten que ver coa cooperación cos concellos, apuntou que case todo o que fai a Deputación é cooperación cos concellos. Ser o Concello dos concellos marca o día a día da institución provincial “de maneira transversal, constante e comprometida” co obxectivo de gañar eficacia e ser útiles para a veciñanza.

O Centro de Innovación Territorial constitúe unha das grandes apostas estratéxicas dos Orzamentos 2026. O presidente expuxo que se trata dun proxecto “pioneiro”, concibido para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento. E relatou que grazas ao convenio asinado co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mobilizaranse 850.000 euros -510.000 serán achegados polo Goberno de España e 340.000 pola Deputación- entre este ano e 2029 para poñer en marcha un instrumento “moderno, eficaz e transformador”.

Asegurou o Presidente que os sectores produtivos contarán un ano máis co compromiso da Deputación de Lugo. Puxo como exemplo o proxecto da Administración provincial na Granxa Gayoso Castro, unhas instalacións “fundamentais” para o ensino universitario do Campus Terra e a colaboración coa USC.

O Pleno destina 5,1 millóns a ampliar a rede de residencias

O Pleno aprobou a ampliación da vixencia dos convenios da rede provincial de residencias ata xuño de 2026, co obxectivo de garantir a continuidade do servizo e a estabilidade na atención ás persoas maiores da provincia. A medida, que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención do PP, supón un investimento de máis de 5,1 millóns de euros destinados a asegurar o funcionamento dos nove centros que conforman a rede provincial: Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil, Trabada e Meira.

O deputado Pablo Rivera Capón explicou que esta segunda addenda “permite manter a estabilidade das prestacións asistenciais e planificar o gasto con previsión, sen modificar as condicións esenciais acordadas no ano 2018”. Rivera destacou que o acordo dá marxe para renovar o marco xurídico do modelo provincial de Centros de Atención a Maiores,

previsto para o vindeiro ano, sen afectar ás persoas usuarias nin aos concellos. O deputado criticou ademais a falta de compromiso da Xunta de Galicia, asegurando que “a pesar de ser a administración competente, a súa política de residencias na provincia de Lugo é inexistente, sen un só proxecto novo en marcha a pesar do sobreenvellecemento da poboación”.

O modelo asistencial da Deputación é 100% público e sen ánimo de lucro, cunha aposta pola atención personalizada e o benestar das persoas maiores. Segundo destacou a institución provincial, este sistema non busca rendibilidade económica, senón mellorar a calidade de vida dos usuarios, xerando máis de 225 empregos directos e beneficiando a máis de 300 veciños e veciñas.

MOCIÓNS. Na mesma sesión, o Pleno aprobou unha proposta para instar á Xunta de Galicia a saldar a débeda de 600 millóns de euros que

mantén cos concellos por asumir competencias impropias.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, denunciou que a Xunta ten “conxelado o Fondo de Cooperación Local desde 2010” e que o reparte “con criterios partidistas”. Segundo explicou, os orzamentos autonómicos de 2026 destinan 187 millóns de euros a este fondo, o que supón “apenas 600.000 euros por concello, unha cifra ridícula se se compara cos recursos da Administración galega, que manexa un orzamento cen veces maior ao da Deputación”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, lembrou que a cifra da débeda foi calculada pola FEGAMP e criticou que os concellos están a asumir servizos que corresponden á Xunta, como o SAF ou a gratuidade das escolas infantís municipais.

O texto aprobado reclama que os orzamentos da Xunta para 2026 incrementen o Fondo de Cooperación Local, incorporen partidas especí-



ficas para garantir a prestación de servizos no rural en igualdade co ámbito urbano e se acheguen aos 500 millóns que o propio presidente Rueda estimara como necesarios.

O Pleno tamén aprobou, por unanimidade, unha moción socialista para esixir que a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo manteña o seu carácter de centro autonómico no caso de integrarse na Universidade de Santiago de Compostela (USC). O presidente Tomé defendeu que “a Escola non pode ser unha sucursal doutra facultade; ten entidade e capacidade abonda para manter a súa independencia”. Pola súa banda, García Porto salientou que o campus de Lugo “é un pilar de desenvolvemento e unha ferramenta de futuro que debe medrar con sentido, non minguar de xeito irreflexivo”.

Desde o PP aseguraron que “sempre defenderán a identidade de Enfermaría en Lugo” e afirmaron que “a integración no sistema universitario está consensuada”, criticando que “quen poñen en dúbida a súa continuidade son o PSOE e o BNG”.

Pola súa parte, o deputado provincial do BNG, Daniel García, reclamou á Xunta “respostas claras e inmediatas” ante a falta de información ás explotacións sobre a xestión da dermatose nodular, despois das medidas cautelares decretadas pola Consellería do Medio Rural sobre o movemento de animais.

COMARCA

Éxito nas estreas da curtametraxe 'Mudanza'



As estreas da curtametraxe 'Mudanza' en Sarria e Paradelas convertéronse nun auténtico éxito de público e emoción. O evento contou coa presenza da autora do relato orixinal, Sonia Arias; a produtora, Isabel Montes; a protagonista, Saamira Ganay; a directora de fotografía, Cris Andina; e a directora de vestuario, Cecilia Estévez. Sonia Arias destacou o traballo previo e a emoción vivida: “Falei de moitos temas, potenciando quen nos apoiou e quen non, xa que había un gran traballo detrás”. Por outra banda, destacou que “foi moi sentimental, xa que hai 14 anos morreu meu pai de cancro de pulmón e 'Mudanza' ten que ver con esa enfermidade. En Paradelas, estivo a oncológa do meu pai, Begoña Campos, e emocionámonos as dúas, creouse maxia”.

Arias lembrou que todo o que recadado coa curta vai para a Asociación Grupo Galego de Cancro de Pulmón, poñendo en valor que “sen patrocinadores e sen a colaboración dalgunhas persoas, isto non sería posible”. Tamén resaltou o humor e a emoción durante os coloquios en ambos concellos e a resposta masiva do público: “Enchemos Sarria e petamos Paradelas. Foi moi bonito desde o primeiro ata o último momento. Foi un día inolvidable, precioso, fermoso. Non teño palabras, pero as poucas que teño son para agradecer”. Finalmente, Sonia Arias anunciou que en menos dun ano a curtametraxe Mudanza será presentada en arredor de 200 festivais nacionais e internacionais e comezará a súa distribución en plataformas dixitais.

O BNG esixe a reposición inmediata do tren das 23:00h

O BNG Lugo Sur denuncia a eliminación do servizo ferroviario das 23:00 horas que conectaba Ourense con Monforte, Sarria e Lugo, un servizo que consideran esencial para as persoas viaxeiras que chegan a Ourense no último tren procedente de Madrid. Os nacionalistas advirten que este servizo xa fora eliminado no pasado e lembran que tras a mobilización social e política, Renfe repuxo a conexión de forma provisional mediante un autobús durante as obras na liña Ourense-Monforte-Lugo. Porén, denuncian, “Renfe volve agora a suprimilo, sen garantir que se manteña unha vez se restableza plenamente a circulación ferroviaria”. Desde o BNG lembran que esta

conexión é esencial para centos de persoas usuarias de Lugo e da comarca de Lemos, xa que permite completar a viaxe desde Madrid ata Monforte e Lugo no mesmo día. “Non se poden consentir máis recortes senón que se deben incrementar as frecuencias e mellorar os servizos”, sinalan os nacionalistas, que explican que “isto deixa en peor situación a un territorio xa castigado pola falta de alternativas en transporte público”. “O tren das 23:00 horas non é un luxo, é unha necesidade”. Por iso, os nacionalistas esixen a Renfe a reposición inmediata deste servizo, sexa por tren ou por autobús, mentres duren as obras, así como o mantemento definitivo da conexión unha vez rematen os traballos.

Triacastela entrega a presidencia da Mancomunidade a Arzúa

A alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, deixa de exercer como presidenta da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés logo de aprobarse o relevo á concelleira de Turismo, Promoción Económica, Comercio e Acción Urbana de Arzúa, Begoña Balado, quen xa exercía como vicepresidenta. Pola súa banda, a vicepresidencia recae en Melide, a través do tenente de alcalde Xosé Igrexas. Este traspaso responde ao sistema de rotación de dous anos establecido. Iglesias recoñece estar “satisfeita” co traballo feito e destaca a gran cantidade de accións de promoción levadas a cabo desde a Mancomunidade nesta etapa enfocadas a que a ruta “siga sendo o principal e máis antigo Camiño a Santiago”. Así, precisou que se levou a cabo un intenso traballo, da man dos once concellos que integran a Mancomunidade co único obxectivo de “seguir potenciando e poñer aínda máis en valor este itinerario, unha experiencia única no mundo que xa recolle o Códice Calixtino no século XIII”.



ACCIÓNS DESENVOLVIDAS. A Mancomunidade destacou nestes anos o convenio con Turismo de Galicia para impulsar o Camiño Francés, así como a boa colaboración entre os concellos. Entre as principais accións figura a mellora de infraestruturas, a aposta pola dixitalización co proxecto Camiño de Europa e a creación dunha plataforma tecnolóxica para facilitar información e servizos aos peregrinos, ademais de potenciar produtos locais. Tamén se presentou unha guía dixital en varios idiomas, reno-

vouse a imaxe corporativa e lanzouse o documental Almas do Camiño. Dentro deste proxecto financiado pola UE incluíronse accións como o programa Camino 360º ou a participación en feiras especializadas. No ámbito internacional e promocional, a Mancomunidade realizou viaxes e actos en lugares como Italia, Carrión de los Condes, Gran Canaria, Madrid ou Fitur, e celebrou o 30º aniversario do recoñecemento do Camiño Francés como Patrimonio Mundial.

A autovía Nadela-Sarria non estará rematada ata 2028

A Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto de trazado que permitirá culminar a conversión do corredor Nadela-Sarria (CG-2.2) nunha autovía de alta capacidade, completando así a conexión directa entre Lugo e Sarria, atravesando os concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, cun investimento total de 37,4 millóns de euros. Este tramo, de 13,5 quilómetros, completárase coa autovía xa en servizo entre A Pobra de San Xiao e Sarria, de 9,7 quilómetros, inaugurada en novembro de 2022 tras unha inversión de 25 millóns. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas está a supervisar o proxecto construtivo, que será licitado unha vez aprobado e as obras comezarán no ano 2026, contando cun prazo de execución de 30 meses. Así, segundo as previsións, a obra non estará rematada, como mínimo, ata o ano 2028, dous anos máis tarde do prazo comprometido polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que situaba a finalización en 2026.



NOVO PERCORRIDO. O novo percorrido comeza na glorieta de Nadela, de titularidade estatal e conectada coas autovías A-6 e A-54, así como coas estradas N-VI, LU-11 e LU-546, e remata no enlace da Pobra de San Xiao. A nova calzada discorrerá paralela á existente pola marxe esquerda da CG-2.2 en sentido Lugo, e incluírá intervencións singulares como os enlaces do Corgo (quilómetro 5+200) e Maceda (quilómetro 10+500), xa preparados para a futura sección de

autovía, ademais dun paso inferior baixo a autovía A-54. O proxecto contempla tamén a construción de dous viadutos paralelos aos actuais sobre os ríos Chamoso e Neira, a ampliación de 13 pasos superiores, a prolongación doutros sete inferiores, e a execución de 11 obras de drenaxe transversal. Engádense dous muros de contención e axustes nos enlaces co tramo xa finalizado para garantir a continuidade da vía.

A Xunta presenta uns orzamentos para 2026 que non convencen

O proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 xerou unha nova fronte política en Lugo, coa oposición do PSdeG e do BNG, que acusan ao Goberno do Partido Popular de “abandonar” a provincia e de “repetir promesas incumpridas ano tras ano”, mentres os deputados populares reivindicaban que Lugo será, por segundo exercicio consecutivo, a provincia galega con maior gasto por habitante.

A deputada socialista, Lara Méndez, cualificou as contas presentadas polo Executivo de Alfonso Rueda de “documento propagandístico sen vontade real de impulsar a provincia”, asegurando que a Xunta “limitase a encher os orzamentos de anuncios baleiros mentres infraestruturas e servizos esenciais seguen parados”. Méndez denunciou que “o señor Rueda e a señora Candia volven empregar a Lugo como escaparate electoral, mentres aumentan as necesidades sen resposta”, e acusou o PP de “prometer moito, executar pouco e esquecer Lugo”.

Segundo a parlamentaria, as contas autonómicas “non dan resposta ás prioridades reais da provincia” e “trasladan competencias impropias aos concellos mantendo conxelado o Fondo Galego de Cooperación Local”, o que, dixo, “asfixia aos municipios e deteriora servizos básicos como sanidade, educación, dependencia ou vivenda”.



Na mesma liña, a deputada nacionalista Olalla Rodil lamentou que os orzamentos “confirmen o abandono do PP a Lugo, converténdose nunha sarta de promesas atrasadas e sen medidas novas”. Rodil puxo como exemplo “a repetición de anuncios xa feitos en anos anteriores”, e criticou a falta de avances en proxectos estratéxicos como a autovía Nadela-Sarria, “sen licitar, a pesar de contar con partidas orzamentadas non executadas”.

CONTESTACIÓN DO PP. En contraste, os deputados autonómicos do PP pola provincia defenderon que as contas de 2026 “reafirman o compromiso do Goberno galego co reequilibrio territorial” e subliñaron que Lugo “volverá ser a primeira provincia galega en investimen-

to por habitante, con 5.754 euros”. Destacaron ademais que o Executivo de Rueda “presenta as contas en tempo e forma”, fronte ao Goberno central “que leva cos Presupostos Xerais prorrogados dende 2022”. Os populares salientaron que o proxecto “prioriza o gasto social, destinando tres de cada catro euros a sanidade, educación, política social e emprego”, e que “impulsa a vivenda pública, ofrece beneficios fiscais a colectivos vulnerables, reforza o apoio aos concellos e aposta pola innovación”. En total, o orzamento recolle 1.867 millóns de euros en actuacións directas na provincia de Lugo, aos que se suman fondos para servizos públicos, melloras laborais e convocatorias de axudas a empresas e particulares.

Mellorada a estrada LU-622 entre Sarria e Láncara



A Xunta de Galicia destinou 895.500 euros á mellora da estrada autonómica LU-622, que conecta os municipios de Sarria e Láncara, co obxectivo de reforzar o firme e incrementar a seguridade viaria nun tramo de oito quilómetros de lonxitude.

As obras consistiron na extensión dunha nova capa de rodadura con mestura asfáltica en quente, na construción de cunetas para mellorar a drenaxe lonxitudinal e no repintado da sinalización horizontal.

Estas actuacións permitiron que a vía gañase en funcionalidade e durabilidade, ademais de ofrecer un maior confort e seguridade aos condutores.

O delegado territorial da Xunta en

Lugo, Javier Arias, destacou que se incorporaran tamén cunetas remontables, deseñadas cunha pendente suave que facilitaba o paso dos vehículos en situacións de emerxencia.

A estrada LU-622 prestou servizo a numerosos núcleos de poboación desde o seu inicio en Corvelle (Sarria) ata a súa conexión coa LU-621 no municipio de Láncara, na contorna de A Pobra de San Xiao.

Arias lembrou que esta intervención forma parte dun contrato adjudicado o pasado mes de xuño, cun orzamento total de 2,3 millóns de euros, que incluíu tamén melloras noutras vías da provincia como a LU-533 no Saviñao e as estradas LU-536 e LU-636 no municipio de Sarria.

Nace Arundo Donax Ensemble, a nova formación musical de Lugo

Nace Arundo Donax Ensemble, unha formación musical innovadora da provincia de Lugo, impulsada polos clarinetistas Adrián Balboa, Manuel Montero e Carlos Timiraos baixo a dirección artística do mestre David Fiuza Souto.

Inspirado na tradición da Harmoniemusik, un formato de cámara para instrumentos de vento madeira que fascinou a compositores como Mozart ou Beethoven no século XVIII, o ensemble ofrece unha lectura contemporánea deste xénero, adaptándoo á sensibilidade do público actual.

O grupo está composto por intérpretes profesionais da provincia, entre eles cinco membros da Banda de Música da Comarca de Sarria e tres profesores da Escola Municipal de Música de Sarria: Tania Balboa, profesora de Música e Movemento e Linguaxe Musical;



Estrella Fernández, profesora de frauta; e Manuel Montero, profesor de clarinete e saxofón, mestre dos Clarisaxos e membro das dúas bandas de Sarria. Ademais, Kevin Abuín, exalumno de clarinete da mesma escola, forma parte tanto da Banda como dos Clarisaxos.

Na presentación do grupo, o público destacou a riqueza tímbrica e a

diversidade do seu discurso, que transita entre séculos e estilos.

Arundo Donax Ensemble, que centrará os seus ensaios na cidade de Lugo, nace con vocación de difusión cultural, buscando dar visibilidade ao talento dos músicos galegos e consolidarse como unha nova voz e un novo linguaxe no panorama musical da comunidade.

#UP2U Project recibe o XIII Premio Internacional APECSA de divulgación do Camiño

A XIII Edición do Premio Internacional APECSA de Divulgación do Camiño de Santiago, convocado pola Asociación de Periodistas e Estudiosos do Camiño de Santiago (APECSA), recoñeceu á asociación e iniciativa social “#UP2U Project – Depende de Ti”, con sede en Gran Canaria e vocación internacional, presidida pola maxistrada e xuíza do Xulgado de Menores nº1 de Las Palmas, Reyes Martel Rodríguez.

O proxecto “O Camiño dos Valores” percorreu o Camiño Francés desde Samos, pasando por Sarria ata Santiago de Compostela a principios de outubro, involucrando mozos de distintas comunidades autónomas. Parte da experiencia desenvolveuse no Camiño de Santiago de Gran Canaria e continuou en Galicia, sempre camiñando por unha causa: en 2024 pola Discapacidade e este ano pola Saúde Mental.

O xurado, presidido polo vicepresidente de APECSA e académico de número da Academia Xacobeá, Luís Celeiro Álvarez, e integrado por Carmen Prado Pico, José Luís Muñoz Portabales, Xavier Goyanes Vilar e Purificación Carballo Pérez como secretaria, valorou de maneira especial o proxecto “O Camiño dos Valores”, que ofrece aos mozos vulnerables unha oportunidade de transformación, segundo subliñou a súa presidenta.

O premio, concedido por unanimidade, recoñece a contribución á transformación social e á reparación, alentando á organización a continuar promovendo a inclusión e a esperanza, evitando en todo momento a exclusión social. Non conta con dotación económica e consiste na escultura Harmonía, de Luís Loureira, acompañada dun diploma acreditativo.

o páramo

Edu Valiña levou ‘Zona de confort para observar o horror’ a INTERSECCIÓN



O artista de O Páramo, Edu Valiña, vén de ver recoñecido o seu traballo coa proxección da súa obra Zona de confort para observar o horror no festival INTERSECCIÓN – Festival Internacional de Cine de A Coruña. Esta proposta audiovisual forma parte da selección oficial dun festival que aposta pola exploración das linguaxes audiovisuais e polo cinema de autor vangardista. Zona de confort para observar o horror é unha peza de vídeo de curto formato (7 minutos), presentada como “estreno global” no marco de INTERSECCIÓN. A obra xa fora exhibida noutros espazos de arte contemporánea, como a videoinstalación en Mèdol de Cataluña, incluída na exposición 'Despois do incendio'.

Con esta selección, Valiña representa a creatividade lucense nun dos escenarios máis punteiros do audiovisual contemporáneo galego e estatal. A súa proposta convérteo nun nome que se suma á corrente de autorías valentes que rompe fronteiras narrativas e estéticas. O artista, licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, comezou a expoñer a finais dos anos noventa cun traballo centrado na identidade, o territorio e a paisaxe humana. Participou en exposicións en Galicia, Portugal, Cuba, Bruxelas, Nova York ou Romanía, con proxectos destacados como Nieblas Gallegas, O espectáculo da periferia ou Páramo.

Nace a asociación Pícaros do CPI Ramón Piñeiro de Láncara

A recente disolución da antiga ANPA do CPI Ramón Piñeiro deu paso a que un grupo de nais decidira crear a asociación Pícaros do CPI Ramón Piñeiro, que ten como obxectivo defender os dereitos e as oportunidades do colexio, apostando por unha educación inclusiva, igualitaria e adaptada ás familias do rural. Pícaros promove un modelo aberto e participativo que busca implicar a toda a sociedade nun proxecto común e xa conseguiu unha ampla oferta de actividades extraescolares para o curso 2025-2026, que inclúe baloncesto, robótica, kung fu, inglés, debuxo e expresión artística, ximnasia rítmica, patinaxe e baile e música tradicional, entre outras. A resposta foi tan positiva que nalgúns casos foi preciso crear varios grupos pola alta demanda. Pícaros tamén traballa na implantación dun servizo de madrugadores e ludoteca, un recurso esencial



para favorecer a conciliación laboral e familiar. De cara a este curso, a asociación xa prepara actividades como o Nadal, talleres e charlas, para dinamizar a vida escolar e construír unha comunidade educativa viva, creativa e comprometida. Desde a directiva de Pícaros expresan o seu agradecemento polo enorme apoio recibido tanto desde o propio colexio como das familias e dos numerosos establecementos

colaboradores de Láncara, Sarria e Lugo. Ademais, comercios de distintos sectores teñen ofrecido descontos especiais ou colaboración económica para apoiar o proxecto. "Nun concello de menos de 5.000 habitantes e cun único centro educativo, o CPI Ramón Piñeiro, que conta con 230 alumnos de Láncara, O Corgo e O Páramo, iniciativas como esta resultan fundamentais para fortalecer o ensino no rural, xa que merecen o mesmo que noutros colexios".

Homenaxearon a Carlos Carballo tras 14 anos de dirección no colexio

Preto de 40 compañeiros e excompañeiros reuniuse nunha homenaxe para recoñecer o labor de Carlos Carballo, quen exerceu como director do CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao durante os últimos 14 anos. O acto serviu para agradecer a súa entrega e dedicación nun centro que destaca polo seu carácter próximo e familiar.

Na nova etapa profesional que inicia, Carlos Carballo será o responsable de coordinar a formación do profesorado dos 170 centros educativos da provincia de Lugo, como novo director do Centro de Formación e Recursos (CFR). Carballo, que formou parte do equipo docente deste CPI durante 19 anos, desempeñou primeiro o cargo

de xefe de estudos de Secundaria antes de asumir a dirección, en substitución de Rita Castedo. Agora, será Rubén Loureiro quen tome o relevo á fronte do colexio. Durante o encontro, o homenaxeado cualificou esta etapa como “inolvidable”, subliñando a “gran convivencia” que define o centro e o “excepcional claustro e comunidade educativa”.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20 ANOS

María Vázquez recibirá o Premio Ramón Piñeiro “Facer País”

A Asociación Cultural Val de Láncara entregará Premio Ramón Piñeiro López “Facer País” á actriz María Rodríguez Vázquez o 29 de novembro. A xornada comezará ás 12:00 horas na Casa do Concello de Láncara, na Pobra de San Xiao, onde a homenaxeada asinará no Libro de Honra e haberá intervencións institucionais. Ás 13:00 horas, a actividade trasladarase á Ponte Romana de Carracedo cun recital de Xurxo Rodríguez e música tradicional da A.C. Val de Láncara.

O acto central desenvolverase ás 13:30 horas na antiga casa consistorial de Carracedo, coa entrega oficial do galardón e intervencións de Manuel Vázquez, Iolanda Díaz Gallego, María Rodríguez Vázquez e Marta



Horbán. Ademais realizarase unha ofrenda floral en lembranza de Ramón Piñeiro, figura clave do pensamento galeguista.

Para pechar, ás 14:30 horas celebrase unha comida no mesmo es-

pazo con reserva previa. O premio, que celebra a súa vixésimo terceira edición, reconece a persoas e entidades que contribúen á defensa e proxección da lingua, cultura e valores cívicos de Galicia.

Yolanda Díaz Gallego presentou a súa obra na antiga escola de Láncara

A escritora Yolanda Díaz Gallego presentou a súa obra literaria titulada ‘Decidín desvelar o proceso. Na galegitude asentouse o compromiso. Acción e evolución no Uruguay 1954-1978’ na antiga escola de Láncara, nun acto promovido polos clubs de lectura Láncaralendo, en colaboración coa Asociación Cultural Val de Láncara. Díaz Gallego, que reside en Barcelona tras unha longa traxectoria vinculada á defensa do galego en Uruguai, compartiu co público a xénese e contido da súa publicación.



Recoñecida co Premio “Facer País” no ano 2024, a autora buscou achegar a literatura contem-

poránea á veciñanza e fomentar o diálogo arredor da escrita e a creación literaria.

Impulsan a recollida selectiva de orgánicos co contedor marrón



O Concello de Láncara está a poñer en marcha un novo sistema para reforzar a xestión sostible dos residuos mediante a implantación do contedor marrón destinado á recollida separada da materia orgánica. O servizo comezará a aplicarse no núcleo urbano da Pobra de San Xiao e entre os grandes produtores deste tipo de residuos, como establecementos hostaleiros e comercios. Os locais

adheridos disporán dun servizo de recollida porta a porta e recibirán gratuitamente recipientes específicos de cor marrón. No marco das accións de información e sensibilización, desenvolveuse unha sesión informativa no Campo da Feira da Pobra de San Xiao, onde se explicaron os detalles deste novo sistema e se entregaron caldeiros domésticos e bolsas compostables á veciñanza.

Celebran o Magosto Popular na Pobra de San Xiao o día 16

O Concello de Láncara convida a veciños e veciñas a participar no Magosto Popular, que se celebrará o domingo 16 de novembro a partir das 14:00 horas no Polifuncional Campo da Feira da Pobra de San Xiao. O menú incluírá empanada, iscos, chourizos e castañas, nun ambiente festivo que busca manter

viva a tradición do magosto. As persoas interesadas poden inscribirse na biblioteca municipal ou chamando ao 982 543 066 antes do 12 de novembro. O evento contará cun aforo limitado, polo que se recomenda reservar con antelación. Nesta actividade colabora a Asociación de Mulleres Rurais.

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

triacastela

Presentan o documental 'O camiño de Cova Eirós'



Xose González Varela (Lugo, 1983) presentou o documental 'O camiño de Cova Eirós', unha película é o resultado de case unha década de seguimento das excavacións arqueolóxicas na Cova Eirós, situada en Triacastela, o xacemento máis importante do paleolítico galego. O proxecto xurdiu en 2011, cando o director comezou a rexistrar o traballo dun equipo de arqueólogos que, un ano despois, descubríra as primeiras pinturas rupestres de Galicia, un achado que situou a Cova Eirós como referente da investigación prehistórica no noroeste peninsular. Durante máis de dez anos, González Varela acompañou aos especialistas no seu labor e na súa convivencia coa veciñanza e coa contorna natural, dando forma a un documental de 52 minutos que ofrece un achegamento íntimo, humano e visualmente coidado á arqueoloxía galega. O realizador explica que a protagonista do filme é a propia cova e a paisaxe que a envolve, situada nas serras orientais da aldea de Cance-

lo, no municipio de Triacastela. A súa entrada, a media ladeira, só é accesible por un sendeiro estreito que atravesa os prados da aldea ata a cavidade, un camiño que cada verán percorre o equipo de arqueólogos dirixido por Arturo de Lombera e Xose Pedro Rodríguez para continuar desentrañando a historia dos homínidos que habitaron o lugar de maneira intermitente durante decenas de miles de anos. Ademais de restos de Homo sapiens, en Cova Eirós atopáronse evidencias da presenza de neandertais, o que converte o enclave nun punto único para investigar se ambas especies chegaron a convivir no tempo. O achado das pinturas rupestres, as primeiras documentadas no noroeste, incrementou aínda máis o seu valor histórico e científico. O documental, que xa se preestreu este verán na propia aldea de Cancelo ante máis de cen veciños e veciñas da contorna, iniciará unha xira por diferentes salas de Galicia.

paradela

Abre o prazo para o XXXI Certame Literario Manuel Oreste

O Concello de Paradela abriu o prazo de presentación de obras para participar na XXXI edición do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, tras a aprobación das bases pola Xunta de Goberno Local o pasado 12 de marzo. O concurso abrangue tres modalidades: narrativa, poesía e Camiño de Santiago. Poderán participar todos os autores, independentemente da súa nacionalidade, cunha única obra por categoría. As creacións deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas noutros certames, e poderán presentarse en galego ou castelán. Na modalidade de narrativa, os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, mentres que na de poesía non poderán superar os cen versos. Pola súa parte, a modalidade especial Camiño de Santiago, convocada novamente este ano, permitirá participar tanto con obras narrativas como poéticas inspiradas na ruta xacobeá, destacando o papel de Paradela



como un fito do Camiño Francés. O prazo de entrega das obras permanecerá aberto entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2025. Os traballos poderán enviarse por correo postal ao Concello de Paradela ou por correo electrónico á dirección oix.paradela@eidolocal.es, seguindo as indicacións recollidas nas bases oficiais. Os premios establecen 1.000 euros para o primeiro galardo e 500 para o segundo en narrativa e

poesía, ademais dun premio único de 1.000 euros na modalidade Camiño de Santiago. O xurado poderá outorgar tamén accésits e mencións de honra de 250 euros. O fallo do xurado farase público no mes de maio de 2026, tanto nos medios de comunicación como nas páxinas web paradela.es e concelloparadela.es, e comunicarse persoalmente ás persoas gañadoras, que serán convidadas ao acto de entrega de premios.

Preséntase o libro póstumo de Santiago Rodríguez López

A Casa do Concello de Paradela acolle o venres 7 de novembro, ás 17.30 horas, a presentación do libro 'O Reiseñor poeta de Randulfe', obra póstuma do catedrático e escritor Santiago Rodríguez López, Fillo Adoptivo do municipio. O volume foi editado pola Xunta de Galicia e o Concello de Paradela e reúne textos arredor da figura e dos escritos de Manuel Rodríguez López, pai do autor e Fillo Predilecto da localidade. Todos os asistentes recibirán un

exemplar do libro, que tamén será presentado proximamente na cidade de Lugo. Santiago Rodríguez López, nado en Barcelona en 1971, foi doutor en Xenética pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático na Universidade de Bristol. Falecido en marzo de 2024 aos 52 anos, deixou inédito este traballo centrado na obra literaria de seu pai. Ao longo da súa traxectoria destacou polo seu importante labor pedagóxico e científico no ámbito da

Xenética, mais tamén pola súa profunda dedicación á investigación, difusión e preservación da memoria literaria de Manuel Rodríguez López, figura clave na ponte cultural entre Galicia e a comunidade galega en Cataluña. A nova publicación conta cun limiar do escritor e poeta Baldomero Iglesias Dobbarrio e un colofón do tamén poeta Xavier Rodríguez Barrio, dous amigos persoais de Santiago Rodríguez e da familia Rodríguez López.

C-27-000501

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

PINTOR

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

Celebran o magosto con varias propostas

O 15 de novembro o mercado gandeiro acollerá a Festa dos Ovos Fritos con Chourizo e o Magosto con castañas e demais produtos e a música do Dúo Explosión. Na parroquia de Vilaragunte tamén haberá magosto o venres 7 de novembro, a partir das 22:00 horas, nunha cita pola Comisión de Festas que incluírá cea, música e baile da man do Dúo Tropical.

Mellorouse a eficiencia enerxética da Casa Consistorial

O Concello do Incio realizou durante o ano 2025 obras de mellora da eficiencia enerxética na Casa Consistorial, unha actuación cofinanciada pola Unión Europea. Para esta intervención obtívose unha subvención de 87.069,89 euros no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, segundo a "Orden de 16 de xaneiro de 2024", destinada a proxectos de eficiencia enerxética en edificios vinculados á prestación de servizos municipais.

As obras consistiron en dúas actuacións principais. En primeiro lugar, reformouse a envolvente térmica mediante a execución dun trasdado interior con illamento de la de roca e revestimento con placas



de xeso laminado, reducindo así as perdas de calor nas plantas baixa, primeira, segunda e baixo cuberta. En segundo lugar, substituíuse a antiga caldeira de gasóleo por un sis-

tema máis eficiente, coa instalación dunha bomba de calor aire-aire (aeroterminia), mellorando a climatización do edificio e reducindo o consumo enerxético.

Promoven unha masterclass solidaria de zumba a favor de Diversa

O CEIP Ricardo Gasset acollerá unha masterclass de zumba organizada pola profesora Anita, que terá lugar o vindeiro 15 de novembro no pavillón a partir das 16:30 horas.

A actividade ten un carácter solidario, xa que a recadación íntegra será destinada á Plataforma de Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria coa finalidade de apoiar a inclusión real dos nenos e nenas con diversidade funcional.

Na sesión participarán o recoñecido zumba jammer Seluco Fernández, así como os instrutores Milos, Karen, Sheila, Marlla, Pilar e Tania, que se suman a esta iniciativa deportiva e solidaria.

O evento promete unha tarde de baile, enerxía e solidariedade no municipio do Incio, implicando á comunidade na loita pola igualdade e a inclusión.

OBRADOIROS DE IGUALDADE. A ANPA Ricardo Gasset do Incio puxo en marcha unha serie de obradoiros formativos co obxectivo de promover a igualdade desde idades temperás.

A través destas actividades, os nenos e nenas aprenden a desenvolver o pensamento crítico arredor da imaxe das mulleres na publicidade dixital e reflexionan sobre os cánones de beleza e os roles de xénero presentes na sociedade actual.

Establecidos os os horarios das aulas de música e baile tradicional

A ANPA Ricardo Gasset do CEIP do Incio deu inicio a unha nova edición das aulas de música e baile tradicional. Pablo Fernández encárgase de Música e Movemento, dirixida a nenas e nenos de entre 4 e 7 anos, de 18:30 a 19:15 horas, mentres que o grupo de Percusión para adultos é de 19:30 a 21:00 horas. Pola súa parte, Daniel Fernández impartirá as clases de Percusión para maiores de 8 anos, de 20:00 a 21:00 horas, e o grupo de Gaita e Acordeón, tamén para maiores de 8 anos e



adultos, de 21:00 a 22:00 horas. As clases de baile tradicional celebraranse os xoves no antigo mercado gandeiro e estarán im-

partidas por Branca Albán, con dúas quendas: Baile pequenos, de 16:30 a 17:30 horas, e Baile adultos, de 19:00 a 20:00 horas.

O Goberno pon en marcha un servizo de menús a domicilio para maiores e dependentes

O Goberno local do Incio aprobou unha normativa pola que pon en marcha o programa 'Xantar na Casa', destinado a ofrecer comidas equilibradas a veciños con máis de 60 anos ou en situación de dependencia que non conten con apoio familiar.

A iniciativa pretende asegurar unha dieta saudable ás persoas que teñan limitada a súa auto-

nomía ou que atravesen circunstancias de exclusión social.

Entre os requisitos para acceder ao servizo esíxese estar empadroadado no municipio, convivir no domicilio habitual e demostrar a necesidade da prestación. Tamén será preciso contar con frigorífico e microondas, xa que as racións se entregarán preparadas para o seu consumo.

O Incio celebra o seu tradicional magosto o día 8

A celebración do tradicional magosto do Incio terá lugar o vindeiro 8 de novembro e ao que están convidados todos os veciños e veciñas do municipio.

A cita, organizada en colaboración co club O Incio CF, desenvolverase nas instalacións do Multisus e promete unha tarde de convivencia, música e saborosas castañas asadas.

Como é habitual cada outono, a celebración converterase nun punto de encontro para a comunidade, que poderá compartir unha xornada festiva marcada polo ambiente familiar e a tradición.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

FACENDA FARRUQUÍÑO

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSA GRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

Samos homenaxe a médica de familia, Mila

A veciñanza de Samos renderá homenaxe á súa médica de familia, Mila Núñez, con motivo da súa xubilación. Tras anos de dedicación e atención sanitaria no municipio, os veciños quixeron organizar unha comida de despedida para agradecerlle o seu labor e compromiso coa comunidade.

O xantar celebrarase o vindeiro venres 15 de novembro ás 14.30 horas no Hotel A Veiga, nun ambiente de recoñecemento e afecto cara á doutora,

moi apreciada polos pacientes e compañeiros pola súa proximidade e profesionalidade.

As persoas interesadas en participar poderán reservar praza e retirar a tarxeta ata o 12 de novembro, ben no propio restaurante ou na farmacia de Samos. Deste xeito, o municipio quere despedir a quen foi unha figura fundamental na atención sanitaria local, nun acto que pretende ser tamén unha celebración compartida da gratitude e o cariño da veciñanza.

Organizan unha ruta polo Camiño Eufrasiano con magosto

O Grupo Xacobeo Sarria organiza o vindeiro sábado 9 de novembro unha nova edición da súa tradicional Ruta do Camiño Eufrasiano e Magosto, unha xornada que combina natureza, gastronomía e convivencia, e que se consolidou como unha cita de referencia para os afeccionados ao sendeirismo e á cultura popular.

A actividade comezará pola mañá cun percorrido de 9 quilómetros polo Camiño Eufrasiano, desde Val do Mao ata Samos. O itinerario atravesará a Serra do Édramo e incluírá unha parada no miradoiro de Penabranca, desde onde se poderán gozar impresionantes vistas da contorna. Trátase dunha ruta de

dificultade media, tras a cal os participantes disporán de tempo libre en Samos antes do xantar.

Ao mediodía, está prevista unha comida de grupo no Hotel A Veiga, e xa pola tarde terá lugar o magosto popular, organizado en colaboración co Concello de Samos e a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, no que non faltarán as castañas, o viño e a festa.

O prezo de inscrición é de 38 euros para socios e 40 euros para non socios, e inclúe transporte, seguros, comida e magosto. As prazas son limitadas e poderán reservarse ata o 6 de novembro ou ata esgotarse, a través do teléfono 609 027 518.

Impulsan a primeira edición en galego do Tombo do Mosteiro

O Concello de Samos deu un paso histórico coa posta en marcha da edición do Tombo do Mosteiro, considerado o documento máis importante da historia da comarca e un dos máis relevantes do reino de Galicia. Este traballo, datado no século XIII, consérvase como unha auténtica xoia no arquivo da Universidade de Santiago e verá agora a súa primeira edición íntegra en galego.

O volume, monumental, con 650 páxinas, marca un antes e un despois para a historia de Sarria, e para garantir a máxima calidade e unha adecuada difusión, confíouse a edición a un dos mellores historiadores galegos, Xaime Félix Arlindo López Arias, responsable da tradución, estudo e estruturação do libro, xunto coa labor da editorial e a colaboración da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Desde o Concello subliñan que a iniciativa reflicte a aposta clara



pola cultura, un proxecto entre os máis significativos que o goberno local levou adiante nos últimos dous anos e que non será o último. “Tiñamos a fortuna de traballar con Arlindo, coñecedor do valor do Tombo de Samos, capaz de aportar información sobre historia, toponimia e curiosidades”, destacan.

Este libro de gran formato, exqui-

sitamente editado, ofrecerá contidos rigorosos para historiadores e á vez accesibles para o público en xeral. A cultura segue a ser unha prioridade para Samos, onde se considera que a preservación e promoción das institucións culturais son claves para unha sociedade e economía prósperas, como sinala o recente premio Nobel de economía.

Custodia do Territorio pon en valor o monte de Toca de Samos

A Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT), en colaboración coa Cruz Vermella e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Toca, en Samos, organiza un ciclo de actividades co obxectivo de poñer en valor o patrimonio ambiental deste monte.

A iniciativa enmárcase no acordo asinado no ano 2022 entre a AGCT, a Comunidade de Montes de Toca e a Cruz Vermella, destinado á restauración e conservación de zonas afectadas polos incendios forestais.



A primeira das actividades consistiu nunha ruta micolóxica guiada polo experto Julián Alonso, da Socieda-

de Micolóxica Lucas, que permitiu aos participantes descubrir a diversidade de fungos presentes neste espazo de alto valor natural. A combinación de prados e bosques de frondosas no monte de Toca favorece a existencia de múltiples especies micolóxicas asociadas a diferentes hábitats, resaltando así a riqueza ecolóxica do lugar.

A seguinte actividade terá lugar o 9 de novembro, sendo unha ruta interpretativa da paisaxe do monte e das cores do outono.

Despois, haberá un parón durante os meses de inverno e volverán promover actividades a partir do mes de marzo, coincidindo co inicio da primavera.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)

Tel.: 672 149 386 / 982 009 270

caminofrances.aluminios@gmail.com

Peluquería

Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

DEPORTES

“A experiencia que viven xogando cos compañeiros é única”

David Santamaría é promotor, presidente e adestrador da Carballeira do Páramo Club de Baloncesto, que aporta valor ás familias dos máis pequenos

Jessica Fernández

A iniciativa xorde porque David Santamaría, que ten dous fillos no CEIP O Páramo, viu que no municipio, pola situación demográfica, non había ningunha oferta deportiva para nenos e nenas e, como lle parecía importante que os seus fillos tiveran a experiencia de practicar un deporte conxuntamente cos compañeiros de clase, como el cando era pequeno, puxo en marcha o equipo de baloncesto. Desta maneira, comezaron hai dous anos como actividade extraescolar no colexio do Páramo e hai un ano que se anotaron como club na liga de baloncesto.

Desde o principio, os demais pais dos nenos e nenas do Páramo apoiaron a iniciativa porque tamén compartían a necesidade de promover actividades no municipio, aínda que di que “hai familias que lle dan máis importancia ao deporte que outras, pero todos ben”. Ademais, di que desde o colexio tamén se sentiron apoiados, xa que “nos dá todo o que necesitamos e máis, a pesar de que é un colexio pequeno”.

Así, puido ir ao colexio a presentar a actividade e tanto a dirección como os profesores implicáronse na divulgación da nova actividade. Tamén no Concello do Páramo temos todo facilidades, temos todo cuberto a nivel material, non facía falta moito investimento porque as canastras xa estaban no pavillón

e había que pintar un par de liñas pero xa se encargou o Concello do Páramo.

No club hai agora mesmo 16 nenos nados entre o 2018 e o 2014, un “número moi elevado tendo en conta os nenos que hai no colexio”. Así, puideron formar dous equipos: un benxamín e un alevín. Aínda que recoñece que no alevín “estamos moi curtiños” e están buscando máis xente, porque están no límite de nenos que poden competir. Por iso, ampliaron este ano a actividade ao CPI Ramón Piñeiro de Láncara, onde impartirán

no cole da Pobra de San Xiao. No Páramo, pola súa parte, os adestramentos son no pavillón do Páramo os martes e mércores pola tarde. Ademais de David hai outros dous adestradores, Yeray Román, que estivo no CB Sarria moitos anos e levaba uns anos fóra de baloncesto e agora volveu como adestrador na Carballeira do Páramo; e Adrián Pérez, que segue xogando ao baloncesto no equipo CB Lemavos de Monforte de Lemos. Entre os tres aportan aos equipos a experiencia, o dinamismo e a disciplina necesaria para afrontar os encontros.



esta actividade como extraescolar. David explica que foron desde a nova asociación, Pícaros, quen se puxo en contacto con eles para poder contar con esta actividade

O presidente tamén destaca o apoio do CB Sarria, que lles teñen en conta para actos, como o encontro mensual que organizan de deporte escolar que é para as súas



canteiras dos coles de Sarria e invitan tamén ao club do Páramo, e tamén para incluílos dentro da Escola Deportiva de Sarria. “Queremos agradecer todo o apoio que temos desde o principio de parte do CB Sarria”, destacou David.

A IMPORTANCIA DO DEPORTE.

Para David, esta actividade é moi importante porque “o deporte en equipo, a experiencia que vives é única, dá igual que deporte sexa, ti aprendes a importancia de estar nun colectivo, valorar e respectar a todos os compañeiros, todo o tema do deporte e do esforzo, así como respectar unhas regras e a uns rivais, todo iso é moi importante”, destaca.

Porén, recoñece que notan con respecto a outros equipos que eles teñen menos nivel porque os nenos no Páramo comezaron a xogar en 3º ou 4º de Primaria e outros equipos como os de Lugo ou o CB Sarria teñen canteira desde os 5 anos. Pero di que: “aí temos o maior hándicap, pero aprendemos rápido e pouco a pouco xa

parecemos un equipo de baloncesto”, comenta.

Con respecto aos beneficios que ten, para o adestrador, o baloncesto a nivel individual, di que é importante o desenvolvemento da psicomotricidade, coordinación nas dúas mans, e tamén a nivel visual, “ter un campo visual grande permite desenvolver unha visión periférica; ademais é un deporte táctico, polo que permite aprender a nivel mental como distribuírse a actuar nun campo grande e con respecto aos compañeiros”.

Con respecto ao futuro, David sostén que o obxectivo é que ningún neno que queira practicar baloncesto se quede sen practicalo.

“A idea é acompañar aos nenos que están no club, que medren con nós e nós con eles, estamos cos nenos do 15-14 e seguir acompañándoos. Agora temos equipos mixtos pero no futuro teremos un problema porque en cadetes deberíamos ter un masculino e feminino e será complicado pola cantidade de rapaces”, concluíu.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

As Xirandelas foron recoñecidas polo éxito no Campionato Galego



O Concello de Sarria acolleu unha recepción oficial ás ximnastas do Club Xirandela que conseguiron subir ao podio no Campionato Galego celebrado o pasado 25 de maio.

O alcalde Claudio Garrido Martínez, xunto cos concelleiros Félix Seijas e Isabel Vergara López, foron os encargados de ofrecer este recoñecemento ás deportistas polo seu esforzo e dedicación.

As ximnastas manifestaron a súa satisfacción por poder compartir este momento acompañadas, unha vez máis, polas súas familias, ás que agradeceron o apoio constante. “Estamos moi felices de estar rodeadas das nosas familias, que nunca nos fallan, e moi agradecidas por este recoñecemento”, expresaron durante o acto.

Tamén participaron na recepción Carmen José López e Diana García, ás que o club quixo agradecer a súa presenza e apoio nesta celebración.

MASTERCLASS. O Club Xirandela de ximnasia rítmica de Sarria organiza unha masterclass no pavillón O Chanto o vindeiro sábado 8 de novembro coa

participación de Polina Berezhina, exximnasta olímpica da selección española, campioa de España en múltiples ocasións, medallista de bronce no Campionato do Mundo e na Copa do Mundo, e participante nos Xogos Olímpicos de París 2024. Polina Berezhina puxo fin en setembro á súa carreira deportiva como integrante do Equipo Nacional de ximnasia rítmica, do que formou parte durante doce anos. A deportista incorporouse ao combinado nacional en 2013, representando por primeira vez a España na Gymnasiada celebrada en Brasilia. As inscricións para esta actividade xa están abertas e estarán dispoñibles ata completar as 60 prazas ofertadas. O ano pasado, o Xirandela tamén organizou unha masterclass, pero coa ximnasta recoñecida internacionalmente, Almudena Cid, na que participaron 66 persoas e que, desde o club de ximnasia rítmica sarriao, definiron como “todo un éxito”, xa que mostrou as súas aptitudes na rítmica, xa que gañou oito campionatos de España no concurso xeral da categoría de honra.

A SD Sarriana medra e aposta polo crecemento do fútbol base

A SD Sarriana afronta a tempada cunha estrutura de canteira consolidada e presente en todas as categorías do fútbol base, mostrando un crecemento constante tanto en número de equipos como en rendemento deportivo.

O club conta cun equipo sénior B que compite en Segunda Futgal, ademais dun conxunto xuvenil en Primeira, un cadete tamén en Primeira e dous equipos infantís —o A en Primeira Futgal e o B en Segunda—. Na categoría alevín, a Sarriana mantén tres conxuntos: o A en Primeira e os B e C en Segunda. Completan a estrutura os equipos benxamíns, co A en Primeira e os B e C en Segunda, e os prebenxamíns, onde o A milita en Primeira e o B en Segunda.

Desde o club valoran moi positivamente o papel dos rapaces nos torneos, nos que tres equipos finalizaron terceiros e o resto amosaron un alto nivel competitivo. “Temos xeracións que compiten moi ben, hai nenos moi válidos que están aportando moito ao club, e esperamos que no futuro poidan nutrir ao primeiro equipo”, sinalan desde a dirección deportiva.

O obxectivo principal para esta campaña é manter a categoría en todos os niveis, aínda que non se descartan ascensos. “Se algún equipo pode subir, a prioridade é o xuvenil, pero tamén temos baixas por lesións que nos condicionan”, explican. Outro dos conxuntos con opcións de ascenso é o sénior B, que está a realizar unha gran campaña.

A entidade destaca especialmente



a conformación do equipo sénior B formado por xogadores sub-23 “moi bo”, que pasaron polo fútbol base da SD Sarriana, e que representa a continuidade e o espírito formativo dun proxecto que segue medrando con solidez.

APOIO DA VICEPRESIDENCIA. O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, visitou o primeiro equipo da Sarriana, que esta tempada compite na Segunda Federación despois do ascenso logrado a pasada campaña.

O responsable provincial aproveitou o adestramento deste mércores para manter un encontro co cadro técnico e os xogadores, aos que trasladou “o apoio da Vicepresidencia da Deputación para afrontar unha temporada histórica”, na que a institución provincial incrementará o respaldo económico ao club.

Durante a visita, Castro felicitou ao

equipo polo seu bo inicio de liga, con tres vitorias nas cinco primeiras xornadas, incluída a última fronte ao Numancia, e puxo en valor “a ilusión e o orgullo con que Sarria está a vivir este salto competitivo” do conxunto da Ribela.

A Vicepresidencia da Deputación comprometeu un aumento do apoio económico á Sarriana, o que situará á institución provincial como o principal soporte público da entidade nesta nova etapa, marcada polo reto de consolidarse na categoría.

MARCHA DE IVÁN CARRIL. A SD Sarriana e o adestrador Iván Carril puxeron fin á súa relación profesional, que comezou en xullo, cando o técnico asumiu o liderado do primeiro equipo tras o histórico ascenso á Segunda Federación. Xunto a el tamén abandonan a entidade Borja Collar, Adrián Baamonde e Javier Pampín, integrantes do seu corpo técnico.

O Puebla Futsal recibiu 4.500 euros do Concello de Láncara

O Concello de Láncara asinou un convenio de colaboración co Puebla Futsal por un importe de 4.500 euros, co obxectivo de apoiar o desenvolvemento das súas actividades deportivas ao longo da tempada.

O acordo foi asinado polo alcalde en funcións, Pablo Rivera, e polo presidente da entidade, Arturo Luseiro, nun acto no que tamén participaron outros membros do equipo de goberno local. Este convenio busca facilitar a participación da mocidade nunha disciplina con forte arraigamento no municipio.

Pablo Rivera destacou que o Puebla Futsal “desenvolve un labor fundamental na promoción do deporte entre a nosa mocidade” e subliñou que “este



convenio é un investimento no futuro dos nosos rapaces e rapazas”.

Pola súa banda, o presidente do club Puebla Futsal, Arturo Luseiro, agradeceu o respaldo do Concello de Láncara e sa-

lientou que “esta colaboración é esencial para manter viva a actividade do club, xa que nos permite facer fronte aos gastos de competición e garantir unhas cotas accesibles para todas as familias”.



Vazquez Autos



Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

A AC Taekwondo segue a sumar medallas e bos resultados

A AC Taekwondo Sarria continúa demostrando o seu potencial participando en diferentes campionatos. No Open de Moaña, competiu nas modalidades de combate e poomsae. En combate, o equipo formado por cinco deportistas logrou catro podios. Izan Rigueiro proclamouse campión na categoría infantil P8, rubricando unha notable progresión. Pablo Ferreira e Lucas Trebolle conseguiron cadañseu bronce nas categorías infantil e cadete masculino, mentres que Cleo Celeiro asinou unha espectacular actuación ao acadar o bronce, superando por KO técnico a unha rival portuguesa e á cabeza de serie antes de caer na semifinal por un axustado 11-12. Noel Préstamo completou a participación, sumando experiencia para futuras citas. No Open rankeable de poomsae celebrado tamén en Moaña, Mateo Fernández alzouse co ouro en júnior e Brais Lombardero obtivo a prata en cadete. A nivel internacional, tamén participaron no Open de Croacia 2025, onde Mateo Fernández competiu en júnior, vencendo na primeira



rolda ao representante alemán antes de caer ante o deportista británico que posteriormente se proclamou subcampión. Pola súa parte, o adestrador Álex avanzou en sénior 1 tras impoñerse a República Checa e caeu despois fronte a Hong Kong. Ademais, Álex logrou unha destacada medalla de prata na modalidade de parellas xunto a Laura Álvarez, do Club Neka, superando a Alemaña, Dinamarca e Holanda e cedendo só en final ante Malaisia. A xira competitiva completouse no Open Cidade de Pontevedra de

combate, onde o club desprazou tres deportistas. Pablo Ferreira obtivo o bronce na categoría P5 infantil tras un axustado combate decidido nos últimos segundos. Lucas Trebolle e Cleo Celeiro competiron tamén con boas sensacións, sumando rodaxe e aprendizaxe para consolidar o seu nivel de cara ás próximas probas. Con este balance, a AC Taekwondo Sarria continúa fortalecendo a súa proxección no taekwondo galego e internacional e encara con ambición os seguintes compromisos da tempada.

O Meigallos B coróase campións da VI Copa Deputación de Fútbol Sala



O municipio de Barreiros converteuse no epicentro do fútbol sala provincial coa celebración das finais da VI Copa Deputación de Lugo, unha competición que cada ano gaña máis seguidores e que volveu encher o pavillón municipal barreirense de paixón deportiva.

Na categoría de Segunda Masculina, a emoción foi máxima ata o final. O Meigallos B impúxose ao Trabada Futsal por un axustado 5-6, nun partido cheo de alternativas. O conxunto de Sarria chegou a dispoñer dunha vantaxe de tres goles, pero o empuxe dos trabadenses obrigou a sufrir ata o derradeiro intre. A vitoria permitiulles levantar un trofeo que recoñece o seu traballo ao longo de toda a competición.

Pola súa parte, as xogadoras do Praias de Barreiros, que se proclamaron campioas na categoría feminina tras vencer ao Ribeira FS nun encontro moi igualado, decidido nos últimos minutos cun marcador de 3-4.

O deputado de Mocidade, Daniel

García, felicitou a todos os equipos pola súa implicación e destacou “a gran motivación coa que chegaron ás finais” e “o bo ambiente vivido no pavillón durante toda a xornada”.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo, promotora e patrocinadora da Copa, destina un total de 22.830 euros ao financiamento da competición, unha achega que se reparte entre os clubs en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas. Deste xeito, a Copa non só promove o deporte base senón que tamén se converte nun apoio económico adicional para os equipos participantes.

Lugo é a única provincia galega que conta cunha Copa Deputación de Fútbol Sala propia, unha iniciativa posta en marcha en 2019 pola Vicepresidencia provincial co obxectivo de dar visibilidade a este deporte e equiparalo en relevancia ao fútbol campo, ofrecendo un espazo de promoción, competición e convivencia entre xogadores e afeccionados.

O Torneo de Nadal de fútbol sala será a finais de decembro

O Torneo de Nadal de fútbol sala celebrarase os días 26, 27 e 28 de decembro, unha cita deportiva xa consolidada no calendario local e que reúne cada ano a numerosos equipos e afeccionados.

A organización fixou un sistema de premios baseado en puntos e trofeos, co obxectivo de fomentar a competitividade e o espírito deportivo

vo nesta recta final do ano. O equipo gañador recibirá 1.000 puntos e un trofeo, mentres que o subcampión obterá 500 puntos e o seu correspondente galardón.

Pola súa banda, os conxuntos que rematen en terceiro e cuarto lugar serán premiados con 120 puntos e trofeo.

Ademais, recoñecerase o talento individual con distin-

cións ao mellor porteiro e ao mellor xogador do torneo. A inscrición para participar ten un custo de 120 puntos e poderá formalizarse ata o 23 de decembro, data límite establecida pola organización. Ese día, ás 21:00 horas, celebrarase o sorteo dos grupos na Cafetería-Pub Don Pepe, onde se darán a coñecer os emparellamentos e o calendario definitivo da competición.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)

- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL

PRIMARIA

(Infórmate sin compromiso)

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

ESO

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Con máis de 125 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA

DE RUTA EN RUTA

A Ruta da Escrita de Castro de Rei

Sete quilómetros que levan desde o corazón da vila ata os poemas, o vía crucis e a estatua do Sagrado Corazón

A Ruta da Escrita de Castro de Rei propón unha travesía de arredor de sete quilómetros que conecta a igrexa de Castro de Rei coa parroquia de Coea. Ao longo do camiño, quen a percorre pode gozar dunha contorna natural, ademais de descubrir 24 pedras nas que se recollen poemas que celebran a riqueza da Terra Chá. A poucos metros da igrexa parroquial de Santa Leocadia, sobresaí o vía crucis máis destacado da comarca e a monumental estatua do Sagrado Corazón, que domina a paisaxe dende os seus 25 metros de altura. Neste itinerario, natureza e patrimonio conflúen. A ruta parte do centro de Castro de Rei, xunto á igrexa de San Xoán, e ofrece a oportunidade de pasear

polo casco histórico da vila. No século XVI, o castelo de Castro de Rei, que deu nome, escudo e brasón á localidade, erguíase sobre un alto e estaba protexido por murallas. Esta fortaleza permaneceu en pé ata 1941, aínda que hoxe só se conservan vestixios do antigo castro, que estaba circundado polos ríos Azumara e Torneiros. O 4 de febreiro de 1971, a vila foi recoñecida como conxunto histórico e paraxe pintoresca. Para algúns, a ruta comeza realmente na igrexa de Santa Leocadia. Dende alí empréndese un camiño que percorre un vía crucis singular en Galicia, formado por 14 estacións esculpidas en pedra, que leva ata a estatua do Sagrado Corazón, destino de peregrinación durante case un século. Inaugurado en 1931, este

monumento representa o esforzo colectivo da comunidade de Castro de Rei para a súa construción. A estatua, feita en granito, alcanza os 14 metros e domina o monte, ofrecendo unhas vistas panorámicas excepcionais. En 2015, a escultura orixinal, que foi colocada por iniciativa de Alejandro Rey Stolle, foi substituída por unha réplica realizada por Juan Novo. A figura pesa uns 3.000 quilos e mide dous metros e medio. Este enclave convértese nun punto de atracción para visitantes e turistas, e cada 9 de setembro celébrase unha festa en honor ao Sagrado Corazón de Xesús, con procesións e actividades relixiosas que permiten achegarse ás tradicións locais. Ao continuar a ruta, o camiñante atopará os poemas de autores da Terra Chá ou relacionados coa comarca, unha experiencia que invita a deterse e ler tranquilamente. O percorrido conduce ata o río Azumara, afluente do Miño de 25 quilómetros que nace en Montecubeiro e desauga en Coea tras atravesar terras de Pol. Tras cruzar o río, o camiño pasa polo Muíño de Veiga e Acea, un muíño de auga tradicional no que a veciñanza móía o cereal. O edificio, en bo estado, mantén o funcionamento orixinal de hai máis dun século e recibe aos visitantes co coidado e a hospitalidade do seu propietario. Finalmente, a ruta conclúe coas palabras de Xosé Luís García Mato, que pechan con fermosura este percorrido literario e paisaxístico.







Pili Madeira

FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988

✉ floristeria@servimadeira.es

🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias

Tanatorios

Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo

Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es